

7.1. Metodoloxía

Na realización deste capítulo dedicado á negociación colectiva en Galicia, emprégase como criterio de inclusión dos convenios colectivos o de vixencia económica, téndose en conta só aqueles convenios e revisións salariais con vixencia e efectos económicos en 2001. Polo tanto foron deixados á marxe aqueles convenios e revisións salariais que, aínda que foron asinados e rexistrados en 2001, non tiveron efectos económicos para ese ano e, pola contra, son incluídos aqueles que aínda que foron asinados e/ou rexistrados nos primeiros meses de 2002, teñen vixencia e inicio de efectos en 2001.

Inclúese neste capítulo a negociación colectiva estatutaria de eficacia xeral, comprendendo tanto os convenios colectivos como as revisións salariais, adhesións a outros convenios, extensións, arbitraxes e outros acordos rexistrados con eficacia xeral de convenio.

Na medida que se ten coñecemento, inclúense tamén algúns pactos de eficacia limitada, acordos colectivos, acordos reguladores para persoal funcionario e pactos de

tipo mixto que regulan de xeito unitario a todo tipo de persoal que presta servizos nas distintas administracións públicas, se ben todos eles seguen outras canles na súa tramitación, distintas ás do convenio estatutario.

Para a elaboración deste capítulo foron utilizados os textos dos convenios e as follas estatísticas que, de xeito preceptivo, os acompañan, facilitados pola Dirección Xeral de Relacións Laborais, así como as publicacións oficiais deles.

7.2. Consideracións xerais

A negociación colectiva constitúe unha das principais características do Dereito do traballo desempeñando un papel transcendental no eido das relacións laborais. O recoñecemento dun poder regulador das relacións laborais ós representantes dos traballadores e empresarios intensificado tralas últimas reformas laborais, posibilita, en maior ou menor medida, a intervención dos axentes sociais na regulación das súas condicións de traballo.

Dende 1996 nótase un claro fortalecemento da autonomía das partes e unha maior liberdade para negociar e ampliar os contidos do convenio, apreciándose un incremento constante das “cláusulas especiais”, tales como as referentes a melloras sociais, saúde laboral, formación profesional, mobilidade xeográfica e funcional, cláusulas sobre compromisos de contratación e de creación de emprego estable, non discriminación, ...

O ritmo da negociación colectiva foi semellante ó dos anos anteriores coa excepción de 1999 que foi algo máis lento. Neste ano negociáronse 244 convenios (66 de sector e 178 de empresa) e 53 revisións salariais (24 de sector e 29 de empresa).

7.3. Estructura da negociación colectiva

En Galicia existen un total de 655 convenios colectivos, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente (cadro 7.1). Inclúense neste total tamén aqueles pactos de eficacia limitada e acordos reguladores dos que se ten coñecemento.

Como viña acontecendo en anos anteriores, incrementouse o número total de convenios existentes, negociándose por primeira vez 43 novos convenios (cadro 7.2) dos cales 1 é de sector e 42 de empresa, continuando deste xeito a tendencia á fragmentación da negociación colectiva.

En 2001 foron negociados e/ou revisados 297 convenios colectivos (244 convenios colectivos e 53 revisións), dos que 90 son de sector e 207 de empresa (Cados 7.3 e 7.4).

Ós convenios negociados neste ano hai que engadirlle 116 convenios negociados en anos anteriores que teñen vixencia para o ano 2001 ou posterior, dando así un total de 413 convenios colectivos negociados para o 2001, o que supón un 63,05% do total existente, e que afectan a 312.305 traballadores e 51.727 empresas.


**Evolución da estrutura global da negociación colectiva. Por provincias.
Galicia. 1996-2001**

■ **Cadro 7.1**


	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	7	36	22	15	36	116
Empresa	23	127	39	44	167	400
Total 1996	30	163	61	59	203	516
Sector	8	37	22	15	37	119
Empresa	24	129	43	46	171	413
Total 1997	32	166	65	61	208	532
Sector	8	36	22	17	37	120
Empresa	29	140	46	51	187	453
Total 1998	37	176	68	68	224	573
Sector	9	36	23	17	37	122
Empresa	29	147	46	53	200	475
Total 1999	38	183	69	70	237	597
Sector	11	36	23	19	37	126
Empresa	31	167	48	58	211	515
Total 2000	42	203	71	77	248	641
Sector	11	37	23	19	37	127
Empresa	36	173	50	59	210	528
Total 2001	47	210	73	78	247	655

Neste cómputo total contabilízanse convenios colectivos e acordos reguladores
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Ano 2001. Distribución territorial



Ano 2001. Representación porcentual da distribución territorial



Convenios colectivos de sector e empresa negociados por vez primeira. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2001


■ Cadro 7.2

Sector	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agric. e Pesca	0	0	0	0	0	0
Industria	0	0	0	1	0	1
Construcción	0	0	0	0	0	0
Servicios	0	0	0	0	0	0
Total	0	0	0	1	0	1

Empresa	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agric. e Pesca	1	5	0	0	1	7
Industria	1	6	0	0	6	13
Construcción	0	0	0	0	0	0
Servicios	3	3	3	3	10	22
Total	5	14	3	3	17	42

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Convenios colectivos de empresa negociados por primeira vez. Porcentaxe provincial




**Evolución dos convenios colectivos negociados. Por provincias.
Galicia. 1996-2001**

■ **Cadro 7.3**

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	2	22	12	13	26	75
Empresa	15	50	17	23	83	188
Total 1996	17	72	29	36	109	263
Sector	2	13	8	12	21	56
Empresa	8	40	19	19	67	153
Total 1997	10	53	27	31	88	209
Sector	2	17	15	15	19	68
Empresa	9	34	19	21	68	151
Total 1998	11	51	34	36	87	219
Sector	4	15	10	13	14	56
Empresa	12	32	10	17	60	131
Total 1999	16	47	20	30	74	187
Sector	5	10	8	17	15	55
Empresa	8	54	18	26	71	177
Total 2000	13	64	26	43	86	232
Sector	2	17	13	16	18	66
Empresa	8	48	18	22	82	178
Total 2001	10	65	31	38	100	244

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais




**Evolución das revisións salariais de convenios colectivos negociados.
Por provincias. Galicia. 1996-2001**

■ Cadro 7.4

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	3	9	4	0	2	18
Empresa	4	10	5	2	15	36
Total 1996	7	19	9	2	17	54
Sector	1	14	7	1	6	29
Empresa	3	5	2	2	8	20
Total 1997	4	19	9	3	14	49
Sector	1	9	2	1	3	16
Empresa	1	10	1	2	7	21
Total 1998	2	19	3	3	10	37
Sector	0	11	3	2	7	23
Empresa	1	5	4	3	16	29
Total 1999	1	16	7	5	23	52
Sector	1	13	5	1	5	25
Empresa	2	3	2	5	7	19
Total 2000	3	16	7	6	12	44
Sector	1	9	5	3	6	24
Empresa	2	9	4	3	11	29
Total 2001	3	18	9	6	17	53

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais



7.3.1. Ámbitos de aplicación

7.3.1.1. Funcional

○ 69,70% dos convenios e revisións salariais negociados este ano son de empresa e o 30,30 de sector. Non obstante o anterior, tal e como veremos na análise do ámbito persoal, a maioría dos traballadores e das empresas están afectados por convenios de sector.

Continuando coa mesma liña que en anos anteriores, por sectores económicos, (cadro 7.5) os que agrupan o maior número de convenios seguen sendo o sector servicios seguido do da industria.

■ **Cadro 7.5** **Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2001 Convenios colectivos e revisións.**
Por sector e grupos de empresas, empresas e ámbitos inferiores

	Agric. e Pesca	Industria	Construcción	Servicios	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.					
Convenios colectivos de sector	-	2	-	-	2
Revisións de sector	-	-	-	1	1
Convenios colectivos de empresa	1	3	-	4	8
Revisións de empresa	-	1	-	1	2
A Coruña					
Convenios colectivos de sector	-	6	1	10	17
Revisións de sector	-	2	1	6	9
Convenios colectivos de empresa	5	18	-	25	48
Revisións de empresa	2	3	-	4	9
Lugo					
Convenios colectivos de sector	-	5	-	8	13
Revisións de sector	-	2	1	2	5
Convenios colectivos de empresa	-	9	-	9	18
Revisións de empresa	-	2	-	2	4
Ourense					
Convenios colectivos de sector	-	8	1	7	16
Revisións de sector	-	-	-	3	3
Convenios colectivos de empresa	-	10	1	11	22
Revisións de empresa	-	1	-	2	3
Pontevedra					
Convenios colectivos de sector	-	7	1	10	18
Revisións de sector	-	1	-	5	6
Convenios colectivos de empresa	1	36	-	45	82
Revisións de empresa	-	4	-	7	11
Galicia					
Convenios colectivos de sector	0	28	3	35	66
Revisións de sector	0	5	2	17	24
Convenios colectivos de empresa	7	76	1	94	178
Revisións de empresa	2	11	0	16	29

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

7.3.1.2. Territorial

O ámbito territorial de negociación máis empregado foi, un ano máis, o provincial, tan só o 4,38% dos convenios negociados e/ou revisados en 2001 foron de ámbito superior á provincia.

Por provincias, tal e como ven sendo habitual, Pontevedra é a que tivo máis actividade negocial, o 39,39% do total, seguida da Coruña cun 27,95%. As porcentaxes de Ourense e Lugo son 14,81% e 13,47% respectivamente.

7.3.1.3. Temporal

Os cadros 7.6 e 7.7 reflicten as vixencias medias dos convenios colectivos de sector e de empresa respectivamente.


■ Cadro 7.6

Vixencias medias dos convenios colectivos de sector. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2001


	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 1 ano	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
1 ano	0	0,00	9	52,94	3	23,08	10	62,50	7	38,89	29	43,94
De 1 a 2 anos	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	6,25	0	0,00	1	1,52
2 anos	2	100,0	4	23,53	5	38,46	4	25,00	9	50,00	24	36,36
De 2 a 3 anos	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
3 anos	0	0,00	3	17,65	4	30,77	1	6,25	1	5,56	9	13,63
Máis de 3 anos	0	0,00	1	5,88	1	7,69	0	0,00	1	5,56	3	4,55
Total	2	100	17	100	13	100	16	100	18	100	66	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Traballadores afectados por sectores económicos



Empresas afectadas por provincias




■ Cadro 7.7

Vixencias medias dos convenios colectivos de empresa. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2001

	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 1 ano	0	0,00	5	10,42	0	0,00	1	4,55	0	0,00	6	3,37
1 ano	2	25,00	10	20,83	5	27,78	8	36,36	22	26,83	47	26,40
De 1 a 2 anos	0	0,00	1	2,08	0	0,00	0	0,00	2	2,44	3	1,69
2 anos	3	37,50	11	22,92	5	27,78	6	27,27	31	37,80	56	31,46
De 2 a 3 anos	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	4,55	1	1,22	2	1,12
3 anos	1	12,50	14	29,17	5	27,78	3	13,64	21	25,61	44	24,72
Máis de 3 anos	2	25,00	7	14,58	3	16,67	3	13,64	5	6,10	20	11,24
Total	8	100	48	100	18	100	22	100	82	100	178	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais



A vixencia anual foi a máis utilizada nos convenios de sector, pactándose no 43,94% dos negociados.

Nos de empresa a vixencia máis utilizada foi a bianual (o 31,46% dos negociados).

Segue a tendencia a pactar vixencias maiores a un ano, concretamente o 54,54% dos convenios de sector e o 68,54% dos convenios de empresa pactaron unha vixencia maior ou igual a 2 anos.

7.3.1.4. Persoal


A negociación colectiva de 2001 afectou a 285.779 traballadores (cadros 7.8 e 7.9). O 89,88% deles teñen reguladas as súas condicións de traballo por convenios de sector, sendo o sector servicios o que agrupa o maior número de traballadores (39,52%), seguido do da industria (32,68%).

■ **Cadro 7.8** **Traballadores e empresas afectados por convenios colectivos e revisións salariais de sector. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2001**


	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas
Agric. e Pesca	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Industria	3.015	109	25.402	2.783	6.590	2.113	6.381	671	29.525	3.950	70.913	9.626
Construcción			38.500	3.200	8.120	840	7.224	628	25.000	4.000	78.844	8.668
Servicios	600	50	40.059	6.619	8.554	1.982	5.681	2.037	52.199	17.705	107.093	28.393
Total	3.615	159	103.961	12.602	23.264	4.935	19.286	3.336	106.724	25.655	256.850	46.687

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Traballadores afectados por sectores económicos





Empresas afectadas por sectores económicos



Cadro 7.9
Traballadores e empresas afectados por convenios colectivos e revisións salariais de grupos de empresas, empresas e ámbitos inferiores. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2001

	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas
Agric. e Pesca	240	1	186	7					80	1	506	9
Industria	695	4	2.841	21	2.016	14	2.172	11	14.750	41	22.474	91
Construcción							105	1			105	1
Servicios	600	5	1.515	31	409	11	510	13	2.810	52	5.844	112
Total	1.535	10	4.542	59	2.425	25	2.787	25	17.640	94	28.929	213

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Traballadores afectados por sectores económicos

Empresas afectadas por provincias


Nos convenios de sector, foi Pontevedra a que acapara o maior número de traballadores seguida da Coruña. Nos convenios de empresa o 60,98% dos traballadores pertencen a Pontevedra.

No que a empresas se refire, a negociación colectiva de 2001 afectou a 46.900 empresas.

É significativo sinalar que o 60,78% das empresas pertencen ó sector servizos, sector que, de acordo coa clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE), agrupa a gran cantidade de actividades (comercio, transporte, hostalería, ...) estando incluídas na negociación deste ano un total de 28.505 empresas pertencentes a este sector.

Os cadros 7.10 e 7.11 agrupan os convenios en función do número de traballadores afectados por cada convenio, e deles extráese que o maior número de convenios de sector concéntrase nos sectores cunha dimensión entre 1001 e 3000 traballadores, e entre 101 e 500 empresas afectadas por convenio.

■ Cadro 7.10

**Convenios colectivos e revisións de sector en función do número de traballadores afectados.
Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2001**

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-50 trab.		0,00		0,00		0,00	1	5,26		0,00	1	1,11
51-250 trab.	1	33,33	3	11,54	3	16,67	5	26,32	1	4,17	13	14,44
251-500 trab.		0,00	2	7,69	3	16,67	5	26,32	5	20,83	15	16,67
501-1.000 trab.	1	33,33	2	7,69	6	33,33	4	21,05	2	8,33	15	16,67
1.001-3.000 trab.	1	33,33	11	42,31	5	27,78	2	10,53	9	37,50	28	31,11
3.001-5.000 trab.		0,00	4	15,38		0,00	1	5,26	2	8,33	7	7,78
+5.000 trab.		0,00	4	15,38	1	5,56	1	5,26	5	20,83	11	12,22
Total convenios	3	100	26	100	18	100	19	100	24	100	90	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

■ Cadro 7.11

**Convenios colectivos e revisións de sector en función do número de empresas afectadas.
Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2001**

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-50 empresas	2	66,67	5	19,23	1	5,56	8	42,11	4	16,67	20	22,22
51-100 empresas	1	33,33	6	23,08	4	22,22	4	21,05	3	12,50	18	20,00
101-500 empresas		0,00	6	23,08	10	55,56	4	21,05	9	37,50	29	32,22
501-1.000 empresas		0,00	6	23,08	2	11,11	3	15,79	3	12,50	14	15,56
1.001-2.000 empresas		0,00	2	7,69	1	5,56		0,00	1	4,17	4	4,44
+ de 2.000 empresas		0,00	1	3,85		0,00		0,00	4	16,67	5	5,56
Total convenios	3	100	26	100	18	100	19	100	24	100	90	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Nos convenios de empresa, o 53,62% afectan a empresas de menos de 51 traballadores (cadro 7.12) e tan só o 1,93% se negociou en empresas de máis de 500 traballadores.

■ Cadro 7.12

**Convenios colectivos e revisións de empresa en función do número de traballadores afectados.
Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2001**

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-50 trab.	4	40,00	34	59,65	12	54,55	15	60,00	46	49,46	111	53,62
51-100 trab.	1	10,00	11	19,30	4	18,18	3	12,00	21	22,58	40	19,32
101-500 trab.	5	50,00	11	19,30	5	22,73	6	24,00	25	26,88	52	25,12
+ 500 trab.		0,00	1	1,75	1	4,55	1	4,00	1	1,08	4	1,93
Total convenios	10	100	57	100	22	100	25	100	93	100	207	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

O cadro de persoal medio das empresas afectadas por esta negociación (cadro 7.13) é de 6,09% traballadores por empresa. Algo máis de 5 traballadores por empresa nos convenios colectivos de sector; e 135,82 nos de empresa.

**Cadros de persoal medio das empresas afectadas pola negociación colectiva.
Por provincias. Galicia. 2001**

■ Cadro 7.13

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	22,74	8,25	4,71	5,78	4,16	5,50
Empresa	153,50	76,98	97,00	111,48	187,66	135,82
Total	30,47	8,57	5,18	6,57	4,83	6,09

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

7.4. Réxime económico

7.4.1. Incremento salarial medio ponderado

A media ponderada do incremento salarial pactado en 2001 en Galicia foi do 3,33%. (cadro 7.14).

Esta media é superior en 0,7 puntos ó IPC Galego que foi do 2,6.

Se temos en conta o incremento indicado nos convenios rexistrados en anos anteriores con vixencia económica para o 2001, a media do incremento salarial é do 3,31%.

Analizando os incrementos salariais dos convenios rexistrados no 2001 por provincias, foron os convenios de ámbito interprovincial ou de Comunidade Autónoma onde se acadou un incremento máis alto, o 4,25%, seguido dos convenios de Ourense onde foi do 3,68%. O incremento na Coruña foi do 3,24%, en Lugo o 3,27% e en Pontevedra o 3,33.

■ Cadro 7.14

**Evolución da media ponderada do incremento salarial pactado.
Por provincias. Galicia. 1997-2001**

	Convenios sector					Revisións sector					Convenios empresa					Revisións empresa					Media total				
	1997	1998	1999	2000	2001	1997	1998	1999	2000	2001	1997	1998	1999	2000	2001	1997	1998	1999	2000	2001	1997	1998	1999	2000	2001
A Coruña	2,93	2,79	2,36	4,13	3,58	2,76	2,63	2,73	3,11	2,95	3,47	2,68	2,42	3,14	3,22	3,66	2,04	2,34	3,73	3,39	2,85	2,75	2,49	3,27	3,24
Lugo	2,78	2,61	2,78	3,19	4,35	2,73	2,76	2,52	2,48	2,43	2,94	2,51	2,79	3,60	2,20	3,11	3,10	2,53	3,61	3,71	2,75	2,62	2,72	2,89	3,27
Ourense	2,99	2,46	2,35	3,11	3,64	3,70	2,10	1,96	3,65	4,62	3,14	2,54	2,25	2,65	3,59	3,73	2,34	2,18	3,08	2,57	3,07	2,45	2,30	3,06	3,68
Pontevedra	2,91	2,83	2,50	3,93	3,44	3,62	2,10	2,46	3,60	3,16	3,13	2,69	2,24	3,13	3,25	3,12	2,43	2,17	3,83	3,96	3,30	2,69	2,45	3,74	3,33
C. Autónoma / Interprov. C.A.	3,18	2,36	2,40	2,97	4,89	3,00	3,00	0,00	4,30	4,00	4,00	2,47	2,11	3,31	2,35	4,34	3,00	2,00	4,08	2,82	3,43	2,81	2,27	3,61	4,25
Galicia	2,93	2,74	2,44	3,69	3,61	3,16	2,42	2,57	3,13	2,99	3,22	2,66	2,25	3,09	3,16	3,62	2,27	2,24	3,86	3,47	3,08	2,68	2,47	3,40	3,33

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais


Por sectores económicos (cadro 7.15) o incremento máis alto foi o da industria co 3,61% e o máis baixo o da construción co 2,92%.

Media ponderada do incremento salarial pactado. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2001

■ Cadro 7.15

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agric. e Pesca	2,50	5,00	-	-	-	3,37
Industria	4,61	3,51	3,47	3,85	3,57	3,61
Construción	-	2,93	2,40	3,13	3,00	2,92
Servicios	3,44	3,32	3,87	4,16	3,29	3,40
Total	4,25	3,24	3,27	3,71	3,33	3,33

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais



Segundo reflicte o cadro 7.16, o tramo de incremento no que se atopa o maior número de convenios e revisións salariais que afectan ó maior número de traballadores sitúase entre o 3,01 e o 4%, seguido do tramo que vai do 2,01 ó 3%.

Convenios colectivos e revisións salariais. Por tramo de aumento salarial pactado. Galicia. 2001

■ Cadro 7.16

Aumento salarial	Convenios/ Revisións	Empresas afectadas	Traballadores afectados
Total	297	46.900	285.779
Subtotal de convenios con incremento en %	258	46.832	283.049
Inferior ou igual ó 2%	37	8.300	22.333
Do 2,01% ó 3%	78	12.999	107.837
Do 3,01% ó 4%	88	20.912	128.538
Do 4,01 ó 5%	45	2.761	15.911
Superior ó 5%	10	1.860	8.430

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

O cadro 7.17 recolle o incremento salarial medio de Galicia e de España en relación co IPC real (media anual) tamén de Galicia e España.

Evolución do incremento salarial pactado e relación co IPC. Galicia/España. 1991-2001

■ Cadro 7.17

	Incremento salarial Galicia	IPC real Galicia (media anual)	Incremento salarial España	IPC real España (media anual)
1991	7,99	5,30	8,20	5,50
1992	7,46	5,50	7,20	5,40
1993	5,66	5,00	5,80	4,90
1994	3,41	4,70	3,52	4,30
1995	3,82	4,30	3,64	4,30
1996	4,02	3,20	3,87	3,20
1997	3,08	1,90	3,00	2,00
1998	2,68	2,00	2,60	2,00
1999	2,47	3,20	2,75	2,90
2000	3,40	3,70	3,64	4,00
2001	3,33	2,60	3,64	2,70

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais e Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais ("Boletín de Estadísticas Laborais". Marzo, 2002)

Por terceiro ano desde 1994, o incremento salarial en España foi superior ó de Galicia, quedando situado no 3,64, algo máis de 3 décimas superior ó galego (3,3). A inflación en España foi superior nunha décima á que se deu en Galicia.

Son 127 os convenios colectivos que teñen cláusula de revisión salarial e afectan a 141.756 traballadores (cadro 7.18).

**Convenios colectivos con cláusula de garantía salarial. Por provincias.
Galicia.2001**

■ **Cadro 7.18**

		Sector	Empresa	Total
C. Autónoma/ Interprov. C.A.	Nº	2	2	4
	%	100,00	25,00	40,00
	Traballadores afectados	3.015	146	3.161
A Coruña	Nº	17	22	39
	%	100,00	45,83	60,00
	Traballadores afectados	47.656	2.444	50.100
Lugo	Nº	12	10	22
	%	92,31	55,56	70,97
	Traballadores afectados	8.452	1.810	10.262
Ourense	Nº	7	11	18
	%	43,75	50,00	47,37
	Traballadores afectados	11.322	920	12.242
Pontevedra	Nº	13	31	44
	%	72,22	37,80	44,00
	Traballadores afectados	53.165	12.826	65.991
Galicia	Nº	51	76	127
	%	77,27	42,70	52,05
	Traballadores afectados	123.610	18.146	141.756

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Deles 51 son de sector (o 77,27%) e 76 de empresa (o 42,70%). Ata o momento da elaboración deste informe, rexistráronse 18 cláusulas de garantía salarial que foron tidas en conta no cálculo do incremento salarial.

No cadro 7.19 pódense ve-los convenios e revisións salariais que indican un incremento salarial en porcentaxe e que teñen efectos económicos para 2001.

Neste cadro pódese apreciar que, tendo en conta as cláusulas de revisión rexistradas con efectos retroactivos, 187 convenios (73 de sector e 114 de empresa) teñen un incremento igual ou superior ó IPC (2,7%).

Tamén se pode observar que os convenios que indican un incremento salarial do 2% e non teñen cláusula de revisión salarial pertencen á administración pública ou teñen as súas condicións retributivas equiparadas ós funcionarios, polo que ese é o incremento que deben aplicar e non teñen a posibilidade de cláusula de revisión.

Cadro 7.19
Detalle dos incrementos salariais pactados nos convenios colectivos e revisións salariais rexistrados. Por provincias. Galicia.2001

CONVENIOS DE SECTOR. A CORUÑA	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
EMP. CONCES. SERVICIOS MUNICIPAIS APARCAMENTO E/OU RETIRADA VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA	2,35	Si
CONFEITEIRÍAS, PASTELERÍAS, MASAS FRITIDAS, BOLOS E XEADOS ARTESÁNS	2,50	Si
OFICINAS E DESPACHOS	3,20	rexistrada
ESTABLECEMENTOS SANITARIOS HOSPITALIZACIÓN, ASISTENCIA, CONSULTA E LABORATORIOS ANALISES	2,50	Si
COMERCIO DA PEL E DO CALZADO	3,00	rexistrada
COMERCIO TÉXTIL DA PROVINCIA DA CORUÑA	4,00	Si
TRANSPORTE DE MERCADORÍAS POR ESTRADA	4,00	Si
COMERCIO DE ALIMENTACIÓN	3,75	Si
BEBIDAS REFRESCANTES E ANALCOHÓLICAS	6,00	Si
CARPINTERÍA E EBANISTERÍA	4,00	Si
EMPRESAS CONSIGNATARIAS DE BUQUES, AXENCIAS DE ADUANAS, ESTIBADORAS PORTUARIAS E COMISIONISTAS DE TRÁNSITO	3,00	Si
GRUPO DE ESPECTÁCULOS E DEPORTES	3,00	Si
ELABORACIÓN E INSTALACIÓN DE PEDRA E MÁRMORE	3,70	rexistrada
INDUSTRIA SIDEROMETALÚRGICA	3,25	Si
PINTURA	3,25	Si
DERIVADOS DO CEMENTO	3,70	rexistrada
COMERCIO DE EXPORTACIÓN DE PEIXE FRESCO DO PORTO DA CORUÑA	4,00	Si
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO		
3,58		
CONVENIOS DE SECTOR. LUGO	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
PANADERÍAS	3,00	Si
LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS	4,74	Non
COMERCIO DE ALIMENTACIÓN	4,00	Si
COMERCIO DA PEL E DO CALZADO	2,70	rexistrada
CONFEITEIRÍA, PASTELERÍA E REPOSTERÍA DE LUGO	2,00	Si
COMERCIO DE MOBLES E OBXECTOS DECORATIVOS	2,50	Si
COMERCIO TÉXTIL	2,00	Si
INDUSTRIA DA EBANISTERÍA E AFÍNS	5,80	Si
INDUSTRIAS VINÍCOLAS, ALCOHOLEIRAS E SIDREIRAS	2,50	Si
TRANSPORTE DE MERCADORÍAS POR ESTRADA	5,00	Si
SANIDADE PRIVADA	3,00	Si
PRIMEIRA TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA	5,80	Si
TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA	3,50	Si
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO		
4,35		
CONVENIOS DE SECTOR. OURENSE	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
INDUSTRIAS VITIVINÍCOLAS, ALCOHOLEIRAS E SIDREIRAS	4,00	Non
LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS	4,50	Si
TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA	5,20	Non
PASTELERÍA, CONFEITEIRÍA, BOLERÍA, REPOSTERÍA E PRATOS PRECOCINADOS	2,80	Non

COMERCIO DA PEL	4,00	Si
CONSTRUCCIÓN, DERIVADOS E AFÍNS	3,10	rexistrada
HOSTALERÍA	3,35	Si
FABRICANTES DE CADALEITOS	4,00	Si
COMERCIO TÉXTIL	4,50	Si
COMERCIO DE ELEMENTOS DO METAL	4,00	Non
LIMPEZA DE INSTITUCIÓNS HOSPITALARIAS DA SEGURIDADE SOCIAL	2,00	Non
FABRICANTES DE MOBLES	4,00	Si
PANADERÍAS	4,30	Non
TORRADOIROS DE CAFÉ E SUCEDÁNEOS	4,40	Non
INDUSTRIAS SIDEROMETALÚRXCAS E TALLERES DE REPARACIÓ DE VEHÍCULOS	4,00	Non
REMATANTES, SERRADOIROS E PREPARADOS INDUSTRIAIS DA MADEIRA	Non indica %	Non
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO		
3,64		

CONVENIOS DE SECTOR. PONTEVEDRA	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
COMERCIO DE MOBLES	5,50	Si
INDUSTRIAS DE BEBIDAS REFRESCANTES	3,40	Non
COMERCIO BAZARES, VENDA XOGUETES, ARTIGOS REGALO, ADORNO E RECLAMO	5,50	Non
TRANSPORTE DE MERCADORÍAS POR ESTRADA	4,00	Si
CARPINTERÍA, EBANISTERÍA E ACTIVIDADES AFÍNS	4,00	Si
COMERCIO POR XUNTO DE PEIXE FRESCO	4,50	Non
LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS	3,00	Si
ALMACENISTAS DE MADEIRA	3,50	Si
CARPINTERÍA DE RIBEIRA	4,00	Si
CONSTRUCCIÓN	3,00	rexistrada
MARMORES E PEDRAS	3,70	rexistrada
COMERCIO DO METAL	3,00	Si
REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRAS	4,00	Si
COMERCIO DE ALIMENTACIÓ	3,50	Si
DERIVADOS DO CEMENTO	3,70	rexistrada
TRANSPORTE PÚBLICO DE VIAXEIROS POR ESTRADA	4,50	Non
INDUSTRIAS E COMERCIO VITIVINÍCOLAS	3,50	Si
HOSPITALIZACIÓN E INTERNAMENTO	3,75	Non
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO		
3,44		

CONVENIOS DE SECTOR. COMUNIDADE AUTÓNOMA/ INTERPROVINCIAIS COMUNIDADE AUTÓNOMA	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
EDITORIAIS	3,00	Si
LOUSAS DE OURENSE E LUGO	5,00	Si
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO		
4,89		

INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO DE CONVENIOS DE SECTOR.		
TOTAL GALICIA	3,61	

REVISIÓNS SALARIAIS DE SECTOR. A CORUÑA	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
COMERCIO DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E DECORACIÓN E COMERCIO DO METAL	2,00	Si
LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS	2,50	Si
CONSTRUCCIÓN E OBRAS PÚBLICAS	2,90	Si
REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA	3,45	rexistrada
TINTURERÍAS, LAVANDERÍAS E PRANCHADO DE ROUPA	3,00	Si
COMERCIO MAIORISTA DE FROITAS, HORTALIZAS E PLÁTANOS	3,20	rexistrada
TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOBUS	3,50	Si
COMERCIO DE MOBLES	4,20	Non
PANADERÍAS	3,20	rexistrada
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO 2,95		
REVISIÓNS SALARIAIS DE SECTOR. LUGO	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
COMERCIO DO METAL	2,50	Si
INDUSTRIA SIDEROMETALÚRXICA	2,50	Si
COMERCIO DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E SANEAMENTO	2,40	Si
EDIFICACIÓN E OBRAS PUBLICAS	2,40	Si
MATERIAIS E PREFABRICADOS PARA A CONSTRUCCIÓN	2,40	Si
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO 2,43		
REVISIÓNS SALARIAIS DE SECTOR. OURENSE	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
COMERCIO DE ALIMENTACIÓN	4,75	Non
TRANSPORTE DE MERCADORÍAS POR ESTRADA	4,00	Non
EMPRESAS CONCESIONARIAS DE SERVICIOS MUNICIPALES DE INMOVILIZACIÓN, RETIRADA VÍA PÚBLICA, TRASLADO, DEPÓSITO DE VEHÍCULOS	4,00	Non
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO 4,62		
REVISIÓNS SALARIAIS DE SECTOR. PONTEVEDRA	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
EMPRESAS DO METAL SEN CONVENIO PROPIO	3,70	rexistrada
HOSTALERÍA	2,00	Si
AXENCIAS MARÍTIMAS	3,00	Si
COMERCIO DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E SANEAMENTO	3,50	Si
COMERCIO DA PEL	6,00	Non
OFICINAS E DESPACHOS	4,00	Non
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO 3,16		
REVISIÓNS SALARIAIS DE SECTOR. COMUNIDADE AUTÓNOMA / INTERPROVINCIAIS COMUNIDADE AUTÓNOMA	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
RESIDENCIAS PRIVADAS DA TERCEIRA IDADE	4,00	Non
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO 4,00		
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO DE REVISIÓNS SALARIAIS DE SECTOR. TOTAL GALICIA 2,99		

CONVENIOS DE EMPRESA. A CORUÑA	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
ARRASTREROS DEL BARBANZA,S.A.(1º)-Buques de arrastre ó fresco. Caladoiro nacional do Cantábrico - Noroeste (Porto base en Ribeira)	Non indica %	Non
JOPITOS S.L. (1º)-Buques de arrastre ó fresco. Caladoiro nacional do Cantábrico - Noroeste (Porto base en Ribeira)	Non indica %	Non
JOSE ANTONIO PÉREZ RODRIGUEZ Y OTROS C.B.(1º)-Buques de arrastre ó fresco. Caladoiro nacional do Cantábrico - Noroeste (Porto base en Ribeira)	Non indica %	Non
MARTINEZ PARDAVILA E HIJOS, S.L. (1º)-Buques de arrastre ó fresco. Caladoiro nacional do Cantábrico - Noroeste (Porto base en Ribeira)	Non indica %	Non
ARTEIXO TELECOM,S.A.	4,00	Si
UNION DE DISTRIBUIDORES DE ELECTRICIDAD,S.A.-UDES	5,00	Non
CONCELLO DE MUXIA - ACORDO REGULADOR FUNCIONARIOS	2,00	Non
PROGANDO,S.L. - ADHESIÓN CONVENIO DE LEYMA	2,50	Si
GARAJE CASTELOS, S.A.		Non
CONCELLO DE MUXÍA - PERSOAL LABORAL	2,00	Non
JOSÉ LIJÓ GONZÁLEZ Y OTROS (1º)-Buques de arrastre ó fresco. Caladoiro nacional do Cantábrico - Noroeste (Porto base en Ribeira)	Non indica %	Non
CINESA - COMPAÑÍA DE INICIATIVAS Y ESPECTÁCULOS,S.A.	3,50	Non
CONCELLO DE PONTEDEUME-PERSOAL LABORAL	2,00	Non
VULCAROL, S.L.+ Limpeza industrial na central térmica e mina de Endesa nas Pontes de García Rodríguez	2,50	Si
TELEVÉS, S.A.	2,75	Si
TRANVÍAS DEL FERROL, S.A.	3,00	Si
CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COSTELA - INTERPARROQUIAL DA CORUÑA	3,00	Si
MANTENIMIENTOS INTEGRALES DE FERROL,S.L. - MAINFER (AUXILIAR IZAR)	Non indica %	Non
FERROSER (SERVICIOS R.S.U. E L.V. CONCELLO DA CORUÑA)	Non indica %	Non
ANGEL LOPEZ SOTO, S.L. (Centro de traballo de Couso - Aguiño)	6,00	Non
HOTEL FINISTERRE, S.A.	3,00	Si
CONSORCIO PARA A PROMOCION DA MUSICA	4,00	Non
SERVICIOS SEMAT, S.A. -SERVICIO DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA TORRE DE HÉRCULES	Non indica %	Non
TÉCNICAS MEDIOAMBIENTALES, S.A. (TECMED) - Limpeza viaria e recollida de residuos sólidos urbanos do Concello de Ribeira.	3,00	Non
FINANCIERA MADERERA, S.A. - FINSA (Centros de traballo de Formarís en Santiago de Compostela e Pontecesures en Padrón)	2,75	Si
CONSERVEROS REUNIDOS, S.A. (CONRESA)	3,50	Si
TÉCNICAS MEDIOAMBIENTALES - TECMED, S.A. (Limpeza pública Santiago de Compostela)	3,70	rexistrada
HARINAS DEL ATLANTICO, S.A. (HADASA)	3,50	Non
ARTABRA, S.A	4,00	Si
GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA, S.A. - Grupo profesional do servizo de auga e saneamento (Centro de traballo do Burgo-Culleredo) - (Gestagua,S.A.)	3,00	Si
GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA, S.A.+ (Servicio de limpeza pública, viaria, regas, recollida de lixo domiciliario e residuos reciclables - Centro de traballo do Burgo - Culleredo)	2,50	Si
REMOLCADORES FERROLANOS, S.A. (REFESA) - Persoal de flota	2,00	Si
ESCUDO SERVICIOS GENERALES, S.L.		Non
DON RODRIGO SPANISH SADDLERY, S.A.	2,00	Si
SOCIEDAD ESTATAL DE ESTIBA Y DESESTIBA DEL PUERTO DE FERROL, S.A. (SEYDFE)	2,00	Non
EMPRESA MUNICIPAL AGUAS DE LA CORUÑA, S.A. - EMALCSA	2,00	Si
GALLEGA DE CONSULTING, S.A. - GALCOSA	5,00	Non
GALIGRÁIN, S.A.	5,00	Non
BAJAMAR SÉPTIMA, S.A.	4,50	Si
ELABORADOS METÁLICOS,S.A. - EMESA	2,50	Si
SERVICIOS PORTUARIOS DEL FRÍO, S.L.	Non indica %	Non
GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA, S.A. -Servicio de Augas do Concello de Noia	3,00	Si
ROCAS, ARCILLAS Y MINERALES, S.A. - RAMSA (Centro de traballo de Serrabal - Vedra)	3,50	Si
MOYRESA, MOLTURACIÓN Y REFINO, S.A. (Centros de traballo de: O Burgo - Culleredo e Estación Marítima do Porto da Coruña)	3,20	rexistrada
CASAS MOVIL, S.A.	3,00	Non

CORUÑESA MOTOR, S.A. - CORMOSA	3,00	Non
XESGALICIA, Sociedad Gestora de Entidades de Capital Riesgo, S.A.	2,00	Non
SGL CARBÓN, S.A.	2,50	Si

INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO

3,22

CONVENIOS DE EMPRESA. LUGO	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
ALUMINIO ESPAÑOL, S.A.-ALUMINA ESPAÑOLA, S.A.+	2,00	Si
LIMPIEZAS DOMICILIARIAS LUCENSES, S.L. - Persoal de limpeza do Centro Rehabilitador San Rafael de Castro de Ribeiras de Lea	4,00	Non
BARRAS ELECTRICAS GALAICO ASTURIANAS, S.A.	2,50	Si
SETEX-APARKI, S.A.	5,00	Si
EULEN, S.A.+(LIMPEZA COMPLEXO HOSPIT. XERAL-CALDE E OUTROS)	2,00	Non
PRELO, S.L.(1º)	4,00	Non
CERÁMICA DE SARGADELOS, S.L.	3,75	Non
BOMBONES SUGUIMAR, S.A. (SANTIAGO CRIADO CONTRERAS)	2,00	Si
EUROLIMP, S.A. (PERSONAL DE LIMPEZA NO HOSPITAL DA COSTA DE BURELA)	2,00	Non
CONCELLO DE RIBADEO - ACORDO REGULADOR FUNCIONARIOS	2,00	Non
CONCELLO DE RIBADEO - PERSONAL LABORAL	2,00	Non
CORPORACIÓN ALIMENTARIA PEÑASANTA, S.A. (Factoría de Robra - Outeiro de Rei)	2,00	Si
PLÁSTICOS FERRO, S.L. (Centro de traballo de MURAS)	2,00	Si
URBASER, S.A. -Servicios públicos de limpeza viaria e recollida de lixo do Concello de Vilalba	2,50	Non
URBASER, S.A (Centro de traballo de Lugo) - Empresa concesionaria dos servicios públicos de limpeza do Concello de Lugo	2,00	Si
EXPLOTACIONES CERÁMICAS ESPAÑOLAS, S.A. - ECESA	2,00	Si
EMPRESAS DE JOSÉ MAURICIO POSADA VEIGA (CHOCOLATES CARMINA, BOMBONES CARMINA e CAFÉS LAS DELICIAS)	2,00	Si
DISGOBE, S.A. (Centro de traballo de Céltigos - Sarria)	3,00	Si

INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO

2,20

CONVENIOS DE EMPRESA. OURENSE	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS (PERSONAL LABORAL)&	2,00	Si
SETEX-APARKI, S.A.+(CONCESIONARIA ORA)	5,00	Si
TEYDESA CONECTORES, S.A.	4,50	Non
CIBRAUTO, S.A.	2,50	Si
EUROINVERSIONES LAST TEARDROP S.L. (AGUAS DE SOUSAS, S.A.)	2,70	rexistrada
SAI AUTOMOTIVE ALLIBERT, S.A. FÁBRICA DE OURENSE	3,00	Si
CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.+	5,10	Non
HISPANOMOCION, S.A. +	3,00	Si
AUGAS DE FONTENOVA, S.A.	3,00	Si
TÉCNICAS MEDIOAMBIENTALES TECMED, S.A. - Limpeza e recollida pública no concello de Ourense	Non indica %	Non
CERVEZAS SAN MARTÍN, S.A.	4,00	Si
AUGAS DE CABREIROA, S.A.	4,00	Si
CONCELLO DE ALLARIZ - PERSONAL LABORAL	Non indica %	Si
CONCELLO DE RUBIÁ - PERSONAL LABORAL	2,00	Non
GSB GALFOR, S.A.	4,00	Non
OPTICA 2000 - PACTO EXTRAESTATUTARIO	Non indica %	Non
CABLAUTO IBÉRICA, S.L.	3,80	Non
BURGAS DISTRIBUCIÓN, S.A.	4,50	Non
OREMBER, S.A.	2,75	Si
CIMO, ENTIDADE PRESTADORA DE SERVICIOS	Non indica %	Non
MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA LIMIA	Non indica %	Non

OURENSE DE TRANSPORTES, S.A.	3,70	Non
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO 3,59		
CONVENIOS DE EMPRESA. PONTEVEDRA	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
MGI-COUTIER ESPAÑA, S.L.	4,50	Si
RADIO VIGO, S.A.	3,00	Si
VITRALBA, S.L.	4,00	Si
METALSHIPS & DOCKS, S.A.	4,00	Non
CASINO DE LA TOJA, S.A.	3,00	Si
CONCELLO DE CAMBADOS-PERSOAL LABORAL FIXO	2,00	Non
FACTORÍAS VULCANO, S.A.	3,50	Si
SERCO PORRIÑO, S.L.	Non indica %	Non
CRISTALERÍA COCA, S.L.	4,00	Si
CONCELLO DA ILLA DE AROUSA-ACORDO FUNCIONARIOS	2,00	Non
MACONSI, SL+ (CAFETERÍA MEIXOEIRO, FAC. FILOLOXÍA / TRADUCCIÓN - CUVI, COCINA H.N PENA)	Non indica %	Si
CONCELLO DA GUARDA-PERSOAL FUNCIONARIO	2,00	Non
CONCELLO DA GUARDA - PERSOAL LABORAL	2,00	Non
CONCELLO DA ILLA DE AROUSA-PERSOAL LABORAL	Non indica %	Non
HELADOS MIKO, S.A.	4,60	Non
MACOFREY, S.A.	4,50	Non
CYCSA y EYSSA - UTE VIGO (ORA)	7,00	Non
SERAGUA-FCC SA-UTE (ABASTECIMIENTO, SANEAMIENTO AUGA NIGRAN)	3,00	Si
CANCRIS VIGO, S.L.	2,40	Non
REMOLCADORES DE VIGO, S.A. (REMOLCAVISA)	5,00	Non
PÉREZ LEIRÓS, S.A. (X.O.A.N.E.)	3,00	Si
CITROEN HISPANIA, S.A.+ (PSA PEUGEOT CITROEN)	3,00	Si
INDUSAL RÍAS BAIXAS, S.A.	4,50	Non
D.S. SALGADO, S.L.	5,00	Non
LA ARTÍSTICA PRODUCTOS QUÍMICOS, S.A. (SOC. UNIPERS.)	3,25	Si
AUTOBUSES DE PONTEVEDRA, S.A.	5,00	Si
PRODUCTOS CONGELADOS, S.A. (PROCSA)	5,00	Non
CEFERINO NOGUEIRA, S.A.	5,00	Non
COINTER, S.L. (CIA. DE COORDINACIÓN DE COMERCIO INTERNACIONAL, SL)	5,00	Non
GALIGRAIN, S.A.	5,00	Non
ALMACENAMIENTOS Y MONTAJES, S.A. (ALYMOSA)	Non indica %	Si
LIMPEZA DO CRD E IESP MANOEL ANTONIO-MACONSI+	2,00	Non
GRÁFICAS DEL NOROESTE, S.A. (GRAFINSA)	4,00	Non
VIGUESA DE TRANSPORTES, S.A. (VITRASA)	Non indica %	Non
GEFCO ESPAÑA, S.A.+	3,00	Si
RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A.	4,00	Non
CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA - PERSOAL LABORAL	2,00	Non
CORPORACIÓN DE PRÁCTICOS DO PORTO DE VIGO	4,10	Si
HERMANOS RODRÍGUEZ GÓMEZ, S.A. (HERMASA)	3,00	Si
ALMACENES, SERVICIOS Y RECUPERACIONES, S.L. - ALSERVI, S.L.	Non indica %	Non
TRATAMIENTO INDUSTRIAL DE AGUAS, S.A. (TRAINASA - VIGO) - Servicio de limpeza e conservación da rede de sumidoiros.	Non indica %	Si
CENTRO FRIGORÍFICO CONSERVERO, S.A. - CEFRICO	Non indica %	Non
ELECTROQUÍMICA DEL NOROESTE, S.A. (ELNOSA)	2,50	Non
FAURENCIA SISTEMAS DE ESCAPE ESPAÑA, S.A.	3,00	Si
REAL CLUB CELTA, S.A.D.	Non indica %	Si
FRIGODIS, S.A.	4,75	Non

CONCELLO DE CALDAS DE REIS (ACORDO REGULADOR FUNCIONARIOS)	Non indica %	Non
CONCELLO DE CALDAS DE REIS (PERSOAL LABORAL)	Non indica %	Non
FARO DE VIGO, S.A.	3,75	Non
COMPONENTES DE VEHICULOS DE GALICIA, S.A.	3,25	Si
HISPANOMOCION, S.A.(MOSA-VIGO)	3,00	Non
HOSPITAL MIGUEL DOMÍNGUEZ, S.L.	4,00	Non
TRANSPORTES AUTO GALICIA, S.L.	4,00	Non
CÍRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO - CIDADE DEPORTIVA	2,50	Si
CÍRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO - SEDE CENTRAL	2,50	Si
FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. - Persoal adscrito ós servizos de recollida de residuos sólidos e limpeza viaria do Concello de Nigrán	5,00	Non
URBASER, S.A. - Recollida de lixo no Concello Redondela	Non indica %	Non
MANIPULADOS MAGDALENA, S.L.	Non indica %	Non
COPO IBÉRICA, S.A.	3,50	Si
FRINOVA, S.A.	3,25	Non
MAVIVA, S.A.	Non indica %	Non
ROCAS EUROPEAS DE CONSTRUCCIÓN, S.A. (RECSA)	3,50	Si
LÉREZ EDICIONES, S.L. (DIARIO DE PONTEVEDRA)	Non indica %	Non
PESCANOVA ALIMENTACIÓN, S.A. - (Traballadores adscritos ó centro de traballo de oficinas centrais)	3,50	Non
PESCANOVA, S.A. e BOANOVA, S.A. - (Traballadores adscritos ós centros de traballo de oficinas centrais)	4,75	Non
PESCANOVA CHAPELA, S.A.	4,75	Non
REAL AERO CLUB DE VIGO	4,00	Non
SERAGUA-FCCSA UTE LEY 18/82 - Concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo	4,98	Si
COMPAÑÍA DE BEBIDAS PEPSICO, S.A. (Centro de traballo de Vigo)	4,50	Non
ENVASES METÁLICOS DE VIGO, S.A.L. (ENVISAL) - Extraestautario	2,50	Si
FRIGORÍFICOS DE GALICIA, S.A. - FRIGALSA	2,50	Si
AGUAS DE MONDARIZ FUENTE DEL VAL, S.A.	4,50	Si
CROWN CORK DE ESPAÑA, S.A.	4,00	Non
FRIGORÍFICOS DE VIGO, S.A.	3,50	Si
CONCELLO DE TOMIÑO - ACORDO REGULADOR FUNCIONARIOS	2,00	Non
CONCELLO DE TOMIÑO - PERSOAL LABORAL	2,00	Non
LIMPEZA DO COMPLEXO HOSPITALARIO DE PONTEVEDRA (HOSPITAL MONTECELO E HOSPITAL PROVINCIAL DE PONTEVEDRA) - MACONSI, S.L.	2,00	Non
CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO	Non indica %	Non
CELTA DE ARTES GRÁFICAS, S.L.	4,00	Non
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	2,00	Si
ASOCIACIÓN DE ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA	4,00	Non
AUXILIAR CONSERVERA, S.A.	3,75	Si
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO		
3,25		

CONVENIOS DE EMPRESA, COMUNIDADE AUTÓNOMA/ INTERPROVINCIAIS COMUNIDADE AUTÓNOMA	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
NORTE FORESTAL,S.A.(1º)	2,50	Non
HIJOS DE RIVERA, S.A. (Propietaria da fábrica de cervexa "La Estrella de Galicia")	Non indica %	
GAS GALICIA SDG, S.A.	2,40	Si
SERVIMGAL,S.L.	Non indica %	Non
PERSOAL DE MANTEMENTO, RECADACIÓN, CONTAXE DE MOEDAS, LIMPEZA E PUBLICIDADE DE CABINAS TELEFÓNICAS, SOPORTES E TELÉFONOS DE USO PÚBLICO.- ECOMETAL,S.L.	2,50	Non
MULTIMEDIA GALLEGA DE COMUNICACION,S.L.	2,00	Si
ANTONIO GALLEGO CID - SERVICIO DE COCIÑA DOS CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES DA CORUÑA, VIGO E OURENSE	Non indica %	Non
MANTELNOR GALICIA, S.L.	Non indica %	Non
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO		
2,35		

INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO DE CONVENIOS DE EMPRESA		
TOTAL GALICIA		3,16

REVISIÓNS SALARIAIS DE EMPRESA. A CORUÑA	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
ISOLUX WAT,S.A.	2,50	Si
MARTESANAL, S.L.	5,00	Non
STOLT SEA FARM, S.A.	5,00	Non
EL POTE, S.A.	3,20	rexistrada
UNION DE EMPRESAS MADERERAS, S.A. (UNEMSA)	4,00	Non
SERVICIO DE LIMPEZA E RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS DE FERROL - URBASER,S.A. (Antes URBADYC, S.A. e DURBA, A.T.E.)	2,50	Si
ELABORADORA DE CEFALÓPODOS, S.A. (ELCESA)	2,50	Si
PERSOAL DA CAFETERÍA DE PERSOAL DO COMPLEXO HOSPITALARIO JUAN CANALEJO (Concesionaria SERUNION S.A.)	4,00	Non
TALLERES CAEIRO, S.A. (REV/PROR.)	5,00	Non
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO		
3,39		

REVISIÓNS SALARIAIS DE EMPRESA. LUGO	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
CEMENTOS COSMOS, S.A.+	4,10	rexistrada
SERTOSA (ALUMINA - ALUMINIO, SAN CIBRAO)	4,00	Non
SEMENTES DE GALICIA,S.L.	3,00	Si
RESIDENCIA DE ANCIÁNS NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN DE SARRIA	3,00	Si
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO		
3,71		

REVISIÓNS SALARIAIS DE EMPRESA. OURENSE	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
UNIDAD DE VEHÍCULOS INDUSTRIALES, S.A. (UNVI, S.A.)	2,50	Si
CONCELLO DE VIANA DO BOLO (PERSOAL LABORAL)	Non indica %	Non
BUTACID VERÍN, S.L.(PACTO EXTRAESTATUTARIO)	4,00	Non
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO		
2,57		

REVISIÓNS SALARIAIS DE EMPRESA. PONTEVEDRA	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
ALONARTI ENVASES, S.A. (CENTRO DE VIGO)+	2,50	Si
EMPRESA PEREIRA, S.L.	5,00	Non
PEZ AUSTRAL,S.A.	3,00	Si
FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.+(VIGO)	5,00	Non
BOTEROS AMARRADORES DE VIGO,S.L. (BOTAMAVI,SL)	4,00	Non
INGENIERIA URBANA,SA+(S.L.P.E INTER.CONTRAT.CLLO PONTEVEDRA)	2,50	Si
AUTOMOVILES DE TUI, S.A.	4,00	Non
GESTAMP VIGO, S.A.	3,50	Non
ESTIBA Y DESESTIBA DEL NOROESTE, S.L. (ESTINORTE)	Non indica %	Non
NESTLE ESPAÑA, S.A.+	4,00	Non
TRANSPORTES LA UNIÓN, S.A.	4,75	Non
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO		
3,96		

REVISIÓNS SALARIAIS DE EMPRESA. COMUNIDADE AUTÓNOMA/ INTERPROVINCIAIS COMUNIDADE AUTÓNOMA	INCREMENTO SALARIAL INDICADO EN %	CLÁUSULA REVISIÓN SALARIAL
AQUAGEST, S.A.	2,70	Non
BEBIDAS GASEOSAS DEL NOROESTE(BEGANO)	3,00	Si
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO 2,82		
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO DE REVISIÓNS SALARIAIS DE EMPRESA. TOTAL GALICIA 3,47		

7.4.2. Réxime de descolgue salarial

O Estatuto dos Traballadores preceptúa, como contido mínimo dos convenios colectivos de ámbito superior á empresa, a inclusión de cláusulas de descolgue salarial.

Tal e como se desprende do cadro 7.20, o 36,36% dos convenios de sector negociados este ano, recollen no seu articulado este tipo de cláusulas.

Na Coruña a porcentaxe dos que a teñen é do 76,47% e nos convenios de ámbito de comunidade autónoma é do 50%. En Pontevedra é do 27,78%, en Ourense do 25% e en Lugo do 7,69%.

■ Cadro 7.20

Evolución dos convenios colectivos con cláusula de descolgue. Por provincias. Galicia. 1996-2001

Sector	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1996	0	0,00	15	68,18	2	16,67	0	10,00	3	11,54	20	26,67
1997	1	50,00	10	76,92	1	12,50	2	16,67	1	4,76	15	26,79
1988	0	0,00	11	64,71	2	13,13	3	20,00	4	21,05	20	29,41
1999	2	50,00	11	73,33	1	10,00	2	15,38	2	14,29	18	32,14
2000	4	80,00	7	70,00	2	25,00	5	29,41	2	13,33	20	36,36
2001	1	50,00	13	76,47	1	7,69	4	25,00	5	27,78	24	36,36

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

7.5. Tempo de traballo

7.5.1. A xornada laboral

Para determina-la xornada media pactada, tivéronse en conta unicamente os convenios que a tiñan estipulada de xeito anual, desbotando polo tanto, aqueles que a tiñan determinada semanalmente. Non obstante a maioría dos convenios teñen regulada a xornada de xeito anual.

O cadro 7.21 reflicte a xornada media pactada en 2001 que foi 1773,2 horas/ano, 3 horas inferior á do ano anterior.

■ Cadro 7.21

**Evolución da xornada media anual pactada nos convenios colectivos.
Galicia. 1996-2001**

Total Convenios. Xornada media pactada

	Total convenios	Convenios de empresa	Convenios de sector
1996	1.782,1	1.733,6	1.789,5
1997	1.783,4	1.759,3	1.786,2
1998	1.783,2	1.757,5	1.786,2
1999	1.779,6	1.742,3	1.783,4
2000	1.776,2	1.750,4	1.778,2
2001	1.773,2	1.739,8	1.779,7

Total Convenios. Xornada media pactada. Por sectores económicos

	Agrario	Non Agrario		
		Industria	Construcción	Servicios
1996	1.784,0	1.784,4	1.769,0	1.794,1
1997	1.785,4	1.784,1	1.766,9	1.808,5
1998	1.784,0	1.783,7	1.765,4	1.802,7
1999	1.784,0	1.782,7	1.761,5	1.799,8
2000	1.784,0	1.778,0	1.760,8	1.795,4
2001	1.751,5	1.764,2	1.757,2	1.803,8

Convenios de sector. Xornada media pactada. Por sectores económicos

	Agrario	Non Agrario		
		Industria	Construcción	Servicios
1996		1.792,9	1.769,1	1.812,9
1997		1.791,4	1.766,8	1.811,6
1998		1.790,5	1.765,4	1.806,4
1999		1.790,1	1.761,6	1.807,0
2000		1.782,9	1.760,7	1.799,9
2001		1.777,4	1.757,2	1.806,1

Convenios de empresa. Xornada media pactada. Por sectores económicos

	Agrario	Non Agrario		
		Industria	Construcción	Servicios
1996	1.784,0	1.753,4	1.760,8	1.699,4
1997	1.785,4	1.757,6	1.784,3	1.764,4
1998	1.784,0	1.760,0	1.770,3	1.744,0
1999	1.784,0	1.752,9	1.722,2	1.705,6
2000	1.784,0	1.750,9	1.778,8	1.746,6
2001	1.751,5	1.736,4	1.756,0	1.767,0

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Como ven sendo habitual, nos convenios de empresa pátase unha xornada máis reducida que nos convenios de sector: 1739,8 horas fronte a 1779,7 horas. En relación co ano anterior, nos convenios de sector aumenta a xornada en 1,5 horas e nos de empresa diminúe en 10,6 horas.

Por sectores económicos, foron o agrario e a construción onde se acadou unha xornada máis baixa, 1751,5 e 1757,2 horas respectivamente; a máis alta pactouse no sector servicios con 1803,8 horas. Na industria foi de 1764,2 horas.

Segundo se pode apreciar no cadro 7.22, son 126 os convenios que reducen dalgún xeito a xornada máxima legal (o 51,64%).

■ Cadro 6.3

Evolución dos convenios colectivos que reducen a xornada máxima legal. Porcentaxe sobre o total. Por provincias. Galicia. 1996-2001

	Sector		Empresa		Total Galicia	
	Nº convenios	%	Nº convenios	%	Nº convenios	%
1996						
C. Autónoma/Interprov. C. Autónoma	2	100,00	8	53,33	10	58,82
A Coruña	13	59,09	30	60,00	43	59,72
Lugo	8	66,67	6	35,29	14	48,28
Ourense	8	61,54	18	78,26	26	72,22
Pontevedra	9	34,62	48	57,83	57	52,29
Total	40	53,33	110	58,51	150	57,03
1997						
C. Autónoma/Interprov. C. Autónoma	0	0,00	7	87,50	7	70,00
A Coruña	7	53,85	32	80,00	39	73,58
Lugo	3	37,50	10	52,63	13	48,15
Ourense	8	66,67	12	63,16	20	64,52
Pontevedra	5	23,81	50	74,63	55	62,50
Total	23	41,07	111	72,55	134	64,11
1998						
C. Autónoma/Interprov. C. Autónoma	2	100,00	7	77,78	9	81,82
A Coruña	11	64,71	23	67,65	34	66,67
Lugo	9	60,00	7	36,84	16	47,06
Ourense	9	60,00	15	71,43	24	66,67
Pontevedra	10	52,63	52	76,47	62	71,26
Total	41	60,29	104	68,87	145	66,21
1999						
C. Autónoma/Interprov. C. Autónoma	0	0,00	10	83,33	10	62,50
A Coruña	8	53,33	20	62,50	28	59,57
Lugo	8	80,00	4	40,00	12	60,00
Ourense	8	61,54	13	76,47	21	70,00
Pontevedra	8	57,14	45	75,00	53	71,62
Total	32	57,14	92	70,22	124	66,31
2000						
C. Autónoma/Interprov. C. Autónoma	2	40,00	4	50,00	6	46,15
A Coruña	6	60,00	23	42,59	29	45,31
Lugo	5	62,50	6	33,33	11	42,31
Ourense	8	47,06	12	46,15	20	46,51
Pontevedra	7	46,67	47	66,20	54	62,79
Total	28	50,91	92	51,98	120	51,72

2001						
C. Autónoma/Interprov. C. Autónoma	1	50,00	3	37,50	4	40,00
A Coruña	12	70,59	26	54,17	38	58,46
Lugo	6	46,15	3	16,67	9	29,03
Ourense	6	37,50	11	50,00	17	44,74
Pontevedra	9	50,00	49	59,76	58	58,00
Total	34	51,52	92	51,69	126	51,64

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Por provincias A Coruña e Pontevedra teñen o maior número de convenios con redución da xornada máxima legal (58 convenios en Pontevedra, o 58% e 38 convenios na Coruña, o 58,46%).

Indicar tamén que, segundo reflicte o cadro 7.23, o 4,10% dos convenios establecen acordos sobre a distribución irregular da xornada.

Ademais en 19 convenios (10 de sector e 9 de empresa) indícase a posibilidade de establecer unha distribución irregular da xornada. Este número supón o 7,79% do total.

Por outra parte, son cada vez máis os convenios que regulan dalgún xeito as horas extraordinarias, en concreto 180 convenios (73,77%) teñen cláusulas sobre elas. Destes 131 son de empresa e 49 de sector.

**Convenios colectivos con distribución irregular da xornada.
Por provincias. Galicia. 1998-2001**

■ **Cadro 7.23**

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	
						Nº	%
Sector							
1998	1	3	1	2	3	10	14,71
1999	0	2	1	0	2	5	8,92
2000	1	0	1	2	1	5	9,09
2001	0	1	0	2	1	4	6,06
Empresa							
1998	2	0	0	2	2	6	3,97
1999	2	1	0	1	6	10	7,63
2000	2	5	0	2	2	11	6,21
2001	1	1	1	0	3	6	3,37
	1	2	1	2	4	10	4,10

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

O tipo de cláusulas que recollen segue a ser similar ó de anos anteriores, podendo sinalar entre elas as seguintes:

■ Supresión da posibilidade de realizar horas extraordinarias habituais.

■ Redución ó mínimo ou tendencia á eliminación como medida de fomento do emprego.

■ Definición das horas extraordinarias estruturais (concretamente en 52 convenios).

■ Outro tipo de cláusulas fan referencia á retribución das horas extras, facendo distincións entre as normais, festivas e nocturnas, regulando o seu aboamento economicamente, en tempo de descanso ou dos dous xeitos.

As cláusulas que fan referencia á retribución destas horas, normalmente indican a porcentaxe que se ten que aplicar sobre o valor da hora normal ou fixan unha cantidade.

Nalgúns casos indícase a fórmula para o cálculo deste valor.

Respecto do tempo de descanso indícase, ademais do que corresponde por cada hora extraordinaria realizada, a posibilidade ou non de acumularlos descansos para desfrutalos en días ou semanas completos ou nalgúns casos acumulados ás vacacións ou festivos. Practicamente todos indican a necesidade de acordo na elección dos días entre o empresario e o traballador. Tamén se indica nalgúns convenios o prazo dentro do que se debe desfrutarlo descanso.

Outras cláusulas indican a necesidade de levar e/ou publicar un rexistro das horas extraordinarias por traballador e sección ou departamento ó ano, indicando tamén as causas, e a súa comunicación ós representantes dos traballadores (algúns fan referencia á periodicidade coa que se ten que dar esta información) e á autoridade laboral.

Tamén hai cláusulas que indican o tempo co que se ten que avisalo traballador.

Por último algúns convenios limítanse a remitir ó Estatuto dos Traballadores e demais lexislación aplicable todo o relacionado con este tema.

7.5.2. Vacacións

Á hora de fixar as vacacións, os convenios establecen maioritariamente días naturais, concretamente 203 dos 244 totais (83,20%).

Nos convenios de sector a práctica totalidade indica 30 días naturais de vacacións, xa que só 4 indican 31 días naturais e 1 indica 33 días.

O 21,31% dos convenios melloran o período mínimo legal de 30 días naturais de vacacións (cadro 7.24) e o 6,56% dos convenios establecen unha planificación anual das vacacións (cadro 7.25).

En 205 convenios (o 84,02%) establécense criterios para regular as vacacións ou datas de preferencia para o seu disfrute.

En 34 convenios (19,93%) establécese unha prima por desfrutalas fora de certos períodos. Estas primas son monetarias ou engadindo días ás vacacións.

Os criterios que máis se repiten fan referencia entre outros os seguintes puntos:

■ A posibilidade ou non de desfrutar as vacacións en dous ou máis períodos ou facelo de xeito ininterrompido.

■ Cadro 7.24

Evolución dos convenios colectivos con vacacións de máis de 30 días naturais.
Por provincias. Galicia. 1996-2001

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
1996	0	0,00	1	4,55	0	0,00	2	15,38	4	15,38	7	9,33
1997	1	50,00	0	0,00	0	0,00	1	8,33	4	19,05	6	10,71
1998	0	0,00	2	11,76	0	0,00	2	13,33	0	0,00	4	5,88
1999	0	0,00	1	6,67	0	0,00	2	15,38	3	21,43	6	10,71
2000	0	0,00	0	0,00	0	0,00	3	17,65	1	6,67	4	7,27
2001	0	0,00	2	11,76	4	30,77	4	25,00	10	55,56	20	30,30
Empresa												
1996	6	40,00	12	24,00	4	23,53	5	21,74	20	24,10	47	25,00
1997	3	37,50	11	27,50	8	42,11	2	10,53	8	11,94	32	20,92
1998	1	11,11	7	20,59	8	42,11	5	23,81	11	16,18	32	21,19
1999	9	75,00	6	18,75	5	50,00	0	0,00	18	30,00	38	29,01
2000	3	37,50	11	20,37	7	38,89	3	11,54	15	21,13	39	22,03
2001	1	12,50	8	16,67	6	33,33	2	9,09	15	18,29	32	17,98
Total 2001	1	10,00	10	15,38	10	32,26	6	15,79	25	25,00	52	21,31

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

■ Cadro 7.25

Evolución dos convenios colectivos que establecen unha planificación anual das vacacións.
Por provincias. Galicia. 1996-2001

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
1996	0	0,00	0	0,00	2	16,67	0	0,00	2	7,69	4	5,33
1997	2	100,00	2	15,38	1	12,50	0	0,00	1	4,76	6	10,71
1998	0	0	2	11,76	0	0,00	1	6,67	2	10,53	5	7,35
1999	1	25	1	6,66	4	40,00	0	0	1	7,14	7	12,5
2000	0	0	2	20	0	0,00	0	0	1	6,67	3	5,45
2001	1	50,00	1	5,88	0	0,00	1	6,25	1	5,56	4	6,06
Empresa												
1996	0	0,00	6	12,00	1	5,88	2	8,70	11	13,25	20	10,64
1997	1	12,50	8	20,00	2	10,53	2	10,53	7	10,45	20	13,07
1998	2	22,22	6	17,65	0	0,00	4	19,05	8	11,76	20	13,25
1999	3	25,00	6	18,75	0	0,00	4	23,52	6	10,00	19	14,50
2000	1	12,50	7	12,96	1	5,56	4	15,38	5	7,04	18	10,17
2001	1	12,50	3	6,25	1	5,56	0	0,00	7	8,54	12	6,74
Total 2001	2	20,00	4	6,15	1	3,23	1	2,63	8	8,00	16	6,56

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

- O establecemento de quendas rotativas para desfrutar as vacacións como sistema habitual ou cando existen colisións de intereses (normalmente as quendas comezan polo traballador máis antigo e nalgúns casos polos traballadores con responsabilidades familiares para que coincidan coas vacacións escolares).
- Preferencia na elección de quendas para traballadores con fillos en idade escolar para que as teñan na mesma época.
- Posibilidade de trocar total ou parcialmente as quendas de vacacións entre traballadores da mesma categoría e quenda.
- A obrigatoriedade de inicio nun día laborable (nalgúns casos indícase que non pode ser día de descanso do traballador nin sábado ou día anterior a festivo).
- Establecer un mínimo de días laborais aínda que se indiquen vacacións en días naturais.
- Elección da metade do período de vacacións polo traballador e a outra metade polo empresario cando non hai acordo.
- Posibilidade de modificación do calendario de vacacións con carácter individualizado sempre que non exista oposición fundamentada en razóns obxectivas do servizo e non se afecte os intereses de terceiros no ámbito das quendas establecidas.
- Outros convenios establecen as datas de desfrute ou as de preferencia ou exclusión.
- Compensación dos festivos que coincidan no período de vacacións con outros días laborables.
- Por último indícase a antelación coa que debe publicarse o calendario de vacacións.

En 39 convenios indícase que se interrompen as vacacións no caso de incapacidade temporal durante o seu desfrute, e seguen despois da alta se é dentro do ano.

Nalgúns límtase este dereito para os casos de hospitalización ou se a baixa é por accidente ou enfermidade grave, e noutros casos indícase o mínimo de días de baixa para ter dereito a esa interrupción.

En 58 convenios establécese a interrupción das vacacións se a incapacidade temporal é anterior ó inicio, pospoñéndose para un novo período que normalmente é por acordo entre empresario e traballador e dentro do ano natural.

Nalgúns casos límtase este dereito ós casos de IT por accidente de traballo ou con hospitalización ou enfermidade grave.

Tamén se establece nalgúns convenios a posibilidade das traballadoras embarazadas de escolle-las vacacións (nalgúns casos só se as acumula ó descanso por maternidade).

As demais cláusulas sobre vacacións recollidas nos convenios fan referencia á retribución e á existencia de bolsa de vacacións.

7.5.3. Permisos

Respecto dos permisos retribuídos, 201 convenios (82,38%) melloran dalgún xeito os establecidos no Estatuto dos Traballadores.

En 61 convenios (o 25%) amplían os permisos establecidos para o cónxuxe ó caso de parellas de feito. Nalgúns casos son os mesmos que para o cónxuxe e noutros só algúns (normalmente é para os permisos por enfermidade grave ou falecemento e maternidade).

Nos convenios que fan referencia á xustificación indican que debe ser mediante certificado do concello, libro de familia ou convivencia debidamente xustificada.

Para aumentar días nos permisos retribuídos uns convenios establecen como criterio ter que desprazarse fóra da localidade ou a outra provincia, outros que sexa fóra de Galicia e por último hai convenios que determinan un número concreto de quilómetros.

Un total de 73 convenios (o 29,92%), dos que 57 son de empresa e 16 de sector, establecen a posibilidade de permisos por asuntos propios. A regulación destes permisos fai referencia entre outras as seguintes circunstancias:

- Necesidade ou non de xustificación.
- A posibilidade ou non de acumulalos a vacacións.
- Límites ó seu desfrute que nuns casos refírense ás necesidades do servizo e noutros ó número de días seguidos e/ou ó número de traballadores que poden coincidir nesa situación.
- Aviso previo salvo casos de forza maior.

En 86 convenios (35,25%) indícase a posibilidade de desfrutar permisos ou días non retribuídos, con limitacións que se refiren, entre outras, á antigüidade na empresa, á causa que os motiva, ou ás necesidades do servizo.

Hai convenios que establecen esta posibilidade para amplía-los permisos retribuídos por enfermidade grave en caso de necesidade.

7.6. Outras cláusulas

Cada vez son máis o número de convenios que establecen cláusulas especiais sobre determinadas materias. O cadro 7.26 ofrece unha visión xeral dalgunhas delas que seguidamente analizaremos.

7.6.1. Melloras sociais

O 90,16% dos convenios negociados inclúen cláusulas que contemplan melloras sociais (cadro 7.27).

Os tipos de cláusulas recollidos pódense resumir nos seguintes:

- Complementos ás prestacións da Seguridade Social por accidentes de traballo e enfermidades profesionais. Son as máis frecuentes.
- Complementos ás prestacións da Seguridade Social por enfermidade común, sobre todo cando é precisa a hospitalización. Son menos frecuentes que as anteriores.
- Cantidades a tanto alzado por xubilación, falecemento ou invalidez, e tamén por natalidade e matrimonio.

**Relación de determinadas cláusulas pactadas.
Porcentaxe sobre o total negociado. Galicia. 2001**

■ Cadro 7.26

	Nº Convenios	% sobre o total
Redución xornada máxima legal	126	51,64%
Fixa criterios ou datas nas vacacións	205	84,02%
Melloras sociais	220	90,16%
Saúde laboral	222	90,98%
Mobilidade xeográfica	36	14,75%
Mobilidade funcional	108	44,26%
Promoción, ascensos	111	45,49%
Formación profesional	129	52,87%
Crédito de horas sindicais	106	43,44%
Desconto cota sindical	57	23,36%
Clasificación profesional	116	47,54%
Sometemento AGA	35	14,34%
Ingreso no traballo	93	38,11%
Periodo de proba	101	41,39%
Contratación ETT	31	12,70%
Conversión contratos temporais en indefinidos	33	13,52%
Réxime disciplinario	101	41,39%
Dereitos lingüísticos	51	20,90%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

■ Cadro 7.27

**Evolución dos convenios colectivos con cláusulas de melloras sociais.
Por provincias. Galicia. 1996-2001**

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
1996	2	100,00	22	100,00	12	100,00	13	100,00	25	96,15	74	98,67
1997	2	100,00	12	92,31	8	100,00	12	100,00	20	95,24	54	96,43
1998	2	100,00	17	100,00	15	100,00	14	93,33	19	100,00	67	98,53
1999	4	100,00	14	93,33	10	100,00	13	100,00	14	100,00	55	98,21
2000	5	100,00	10	100,00	8	100,00	16	94,12	15	100,00	54	81,82
2001	2	100,00	17	100,00	11	84,62	13	81,25	18	100,00	61	92,42
Empresa												
1996	14	93,33	49	98,00	17	100,00	23	100,00	77	92,77	180	95,74
1997	8	100,00	40	100,00	19	100,00	19	100,00	63	94,03	149	97,39
1998	8	88,89	32	94,12	18	94,74	20	95,24	67	98,53	145	96,03
1999	12	100,00	32	100,00	10	100,00	17	100,00	58	96,67	129	98,47
2000	8	100,00	46	85,19	18	100,00	25	96,15	71	100,00	168	94,92
2001	6	75,00	41	85,42	17	94,44	19	86,36	76	92,68	159	89,33
Total 2001	8	80,00	58	89,23	28	90,32	32	84,21	94	94,00	220	90,16

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais



■ Tamén se establecen axudas para traballadores que teñan ó seu cargo familiares (sobre todo fillos) con minusvalías.

■ Outro tipo de axudas moi frecuente son para estudos dos traballadores e dos seus fillos.

■ Establécese tamén a posibilidade de obter préstamos ou anticipos reintegrables (especificando nalgúns casos o procedemento detalladamente)

Por último indicar que tamén nestas axudas se empeza a estender estes dereitos ás parellas de feito.

7.6.2. Saúde laboral

O 90,98% dos convenios negociados este ano establecen algunha cláusula referente a este tema (cadro 7.28). Non obstante é preciso indicar que na maioría dos casos refírense ós recoñecementos médicos e á roupa de traballo, e en moitos estas cláusulas limítanse a remitir ou recolle-lo establecido na normativa legal.

Sobre os recoñecementos médicos, hai convenios que só indican que será anual, noutros en cambio indican a voluntariedade ou obrigación de facelos, que maioritariamente é unha obriga para a empresa e voluntario para os traballadores.

Nalgúns casos indícase a posibilidade de facer recoñecementos específicos máis frecuentes polo risco do posto de traballo.

Regúlase tamén nalgúns casos se son dentro da xornada laboral ou non e a compensación dos gastos se é preciso o desprazamento.

Tamén hai cláusulas que se refiren á confidencialidade dos resultados.

Respecto da roupa de traballo normalmente indícase o tipo de peza, o número delas que se entrega, a periodicidade e a reposición por deterioro.


Dentro das cláusulas a destacar neste aspecto están as recollidas en 50 convenios (20,49%) que se refiren á posibilidade de cambio de posto ou quenda da traballadora embarazada se existe risco para ela ou o seu fillo.

Cadro 7.28

 Evolución dos convenios colectivos con cláusulas de saúde laboral.
 Por provincias. Galicia. 1996-2001

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
1996	2	100,00	19	86,36	12	100,00	11	84,62	25	96,15	69	92,00
1997	2	100,00	11	84,62	7	87,50	10	83,33	19	90,48	49	87,50
1998	2	100,00	16	94,12	15	100,00	12	80,00	18	94,74	63	92,65
1999	4	100,00	13	86,67	9	90,00	11	84,62	14	100,00	51	91,07
2000	4	80,00	9	90,00	8	100,00	12	70,59	14	93,33	47	85,45
2001	2	100,00	14	82,35	11	84,62	12	75,00	18	100,00	57	86,36
Empresa												
1996	13	86,67	39	78,00	15	88,24	20	86,96	73	87,95	160	85,11
1997	7	87,50	34	85,00	17	89,47	17	89,47	61	91,04	136	88,89
1998	8	88,89	25	73,53	17	89,47	19	90,48	64	94,12	133	88,08
1999	10	83,33	26	81,25	9	90,00	16	94,12	56	93,33	117	89,31
2000	6	75,00	48	88,89	15	83,33	22	84,62	63	88,73	154	87,01
2001	6	75,00	42	87,50	16	88,89	19	86,36	82	100,00	165	92,70
Total 2001	8	80,00	56	86,15	27	87,10	31	81,58	100	100,00	222	90,98

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais



Recóllense tamén nalgúns convenios cláusulas que establecen a creación de Comités de Seguridade e Hixiene e a existencia de Delegados de prevención especificando o seu funcionamento, composición, dereitos e funcións.

Son moi poucos os convenios que tratan dun modo extenso ou novedoso esta materia.

7.6.3. Formación profesional


○ 52,87% dos convenios conteñen no seu articulado cláusulas relativas á formación profesional dos traballadores (cadro 7.29).

Cadro 7.29

Por provincias. Galicia. 1996-2001
Evolución dos convenios colectivos con cláusulas de formación profesional.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
1996	1	50,00	3	13,64	10	83,33	5	38,46	6	23,08	25	33,33
1997	2	100,00	4	30,77	5	62,50	5	41,67	2	9,52	18	32,14
1998	1	50,00	5	29,41	12	80,00	6	40,00	6	31,58	30	44,12
1999	3	75,00	5	33,33	7	70,00	5	38,46	4	28,57	24	42,86
2000	1	20,00	3	30,00	5	62,50	6	35,29	5	33,33	20	36,36
2001	2	100,00	6	35,29	6	46,15	7	43,75	7	38,89	28	42,42
Empresa												
1996	7	46,67	15	30,00	6	35,29	12	52,17	12	14,46	52	27,66
1997	5	62,50	9	22,50	7	36,84	10	52,63	15	22,39	46	30,07
1998	4	44,44	10	29,41	6	31,58	12	57,14	24	35,29	56	37,09
1999	7	58,33	10	31,25	1	10,00	9	52,94	24	40,00	51	38,93
2000	5	62,50	23	42,59	5	27,78	12	46,15	25	35,21	70	39,55
2001	4	50,00	28	58,33	8	44,44	13	59,09	48	58,54	101	56,74
Total 2001	6	60,00	34	52,31	14	45,16	20	52,63	55	55,00	129	52,87

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais



As cláusulas máis comúns son as referentes á concesión permisos para a realización de exames.

Outras refírense ás licencias ou permisos para cursos ou á posibilidade de adaptar a xornada para facilita-la asistencia.

Nalgúns casos tamén se refíren a bolsas e axudas para a formación.

Tamén son frecuentes os que fan referencia á creación de comisións paritarias de formación profesional, ou as que establecen un plan de formación para a empresa.

7.6.4. Desconto da cota sindical e crédito de horas sindicais

No que respecta á representación dos traballadores na empresa, moitos convenios limitáanse a remitir ou recolle-lo disposto na lexislación vixente.

Nos que abordan o tema, as cláusulas refírense sobre todo ás funcións, dereitos e garantías que teñen. Tamén se fai referencia ós medios postos á súa disposición (técnicos, locais, materiais etc.).


Segundo se pode observar nos cadros 7.30 e 7.31, o 43,44% regulan o crédito de horas e o 23,36% o desconto da cota sindical.

■ Cadro 7.30

Por provincias. Galicia. 1995-2001
Evolución dos convenios colectivos con cláusula de desconto da cota sindical.

Sector	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1996	1	50,00	9	40,91	4	33,33	1	7,69	5	19,23	20	26,67
1997	0	0,00	5	38,46	4	50,00	1	8,33	4	19,05	14	25,00
1998	1	50,00	7	41,18	4	26,67	1	6,67	2	10,53	15	22,06
1999	0	0,00	8	53,33	5	50,00	1	7,69	5	35,71	19	33,93
2000	2	40,00	4	40,00	3	37,50	0	0,00	1	6,67	10	18,18
2001	0	0,00	5	29,41	7	53,85	1	6,25	4	22,22	17	25,76
Empresa												
1996	5	33,33	11	22,00	6	35,29	6	26,09	22	26,51	50	26,60
1997	4	50,00	13	32,50	6	31,58	6	31,58	15	22,39	44	28,76
1998	1	11,11	7	20,59	4	21,05	4	19,05	16	23,53	32	21,19
1999	4	33,33	9	28,13	4	40,00	4	23,53	16	26,67	37	28,24
2000	2	25,00	11	20,37	6	33,33	5	19,23	19	26,76	43	24,29
2001	1	12,50	16	33,33	5	27,78	5	22,73	13	15,85	40	22,47
Total 2001	1	10,00	21	32,31	12	38,71	6	15,79	17	17,00	57	23,36

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais




Cadro 7.31

Por provincias. Galicia. 1996-2001
Evolución dos convenios colectivos que regulan o crédito de horas sindicais.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
1996	1	50,00	10	45,45	3	25,00	0	0,00	6	23,08	20	26,67
1997	2	100,00	2	15,38	3	37,50	0	0,00	3	14,29	10	17,86
1998	1	50,00	9	52,94	5	33,33	0	0,00	8	42,11	23	33,82
1999	1	25,00	5	33,33	2	20,00	0	0,00	8	57,14	16	28,57
2000	1	20,00	1	10,00	3	37,50	0	0,00	5	33,33	10	18,18
2001	1	50,00	9	52,94	6	46,15	2	12,50	9	50,00	27	40,91
Empresa												
1996	7	46,67	19	38,00	7	41,18	6	26,09	25	30,12	64	34,04
1997	6	75,00	15	37,50	12	63,16	5	26,32	26	38,81	64	41,83
1998	4	44,44	10	29,41	8	42,11	5	23,81	31	45,59	58	38,41
1999	9	75,00	13	40,63	4	40,00	4	23,53	29	48,33	59	45,04
2000	2	25,00	12	22,22	7	38,89	6	23,08	28	39,44	55	31,07
2001	3	37,50	21	43,75	7	38,89	7	31,82	41	50,00	79	44,38
Total 2001	4	40,00	30	46,15	13	41,94	9	23,68	50	50,00	106	43,44

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais



Na regulación das horas nuns casos só indican o número, pero noutros regulan a acumulación de horas nun ou varios membros do comité ou delegados indicando como facelo, e tamén as horas que entran nese cómputo e as que non (normalmente exclúen as reunións coa empresa cando son a petición desta e as utilizadas para a negociación colectiva)

7.6.5. Contratación e emprego

Recóllense neste apartado as cláusulas que, cada vez con maior frecuencia, establecen os convenios colectivos para regula-lo ingreso no traballo, o período de proba, as diferentes modalidades de contratación e as garantías e o fomento do emprego.

A) Ingreso No Traballo

Hai 93 convenios (38,11%) que regulan dalgún xeito ó ingreso no traballo e as vacantes (cadro 7.32).

■ Cadro 7.32

Convenios con cláusulas sobre ingreso no traballo

	Sector		Empresa		Total Galicia	
	Nº convenios	%	Nº convenios	%	Nº convenios	%
Cláusulas sobre ingreso no traballo e vacantes	13	19,70	80	44,94	93	38,11
Período de proba	29	43,94	72	40,45	101	41,39

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Maioritariamente estas cláusulas refírense a posibilidade ou necesidade de facer probas prácticas e psicotécnicas e concursos, aínda que case nunca as define. Indican tamén se participan os representantes dos traballadores nas probas e na elaboración dos baremos dos concursos e de que maneira o fan.

En 27 convenios indícase a necesidade de facer unha revisión médica previa ó ingreso no traballo.

En 25 establécense tamén unha serie de preferencias na contratación en igualdade de condicións que nuns casos son a favor dos familiares dos traballadores (en activo, xubilados ou falecidos) e noutros para traballadores que anteriormente traballasen na empresa ou que teñan experiencia no sector e estean desempregados.

Outras cláusulas indican a obriga das empresas de informar ós representantes dos traballadores das vacantes e a publicalas no taboleiro de anuncios así como, se é o caso, a información sobre os requisitos para o posto e os temarios e tipo de probas que se van a realizar (coa suficiente antelación).

O resto das cláusulas limítanse a regula-los requisitos formais das novas contratacións e a información e/ou participación dos representantes dos traballadores.

B) Período de proba

Establécese o período de proba en 101 convenios (41,39%) dos que 29 son de sector e 72 de empresa (cadro 7.32).

Non hai unha regulación homoxénea deste período, axustándose en cada caso á estrutura profesional da empresa ou ás características do sector.

Os convenios que o tratan, inclínanse maioritariamente pola interrupción do período de proba por incapacidade temporal (algúns din "salvo pacto en contrario").

C) Modalidades de contratos

No cadro 7.33 vemos un resumo das modalidades de contratación que veñen recollidas nos convenios e que analizamos a continuación.

Convenios con cláusulas sobre modalidades de contratos

■ Cadro 7.33

	Total Galicia	
	Nº convenios	%
Contrato obra ou servicio determinado	39	15,98
Contrato eventual por circunstancias da produción	94	38,52
Contrato prácticas	30	12,30
Contrato formación	51	20,90
Contrato tempo parcial	9	3,69
Contrato interinidade	3	1,23
Contrato fixo- discontinuo	8	3,28
Regula a contratación con ETT	31	12,70

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

■ Contratos para a formación

Son 51 os convenios con cláusulas sobre este contrato, o 20,90% do total (cadro 7.34).

■ Cadro 7.34 **Evolución dos convenios colectivos que conteñen cláusulas sobre os contratos para a formación. Por provincias. Galicia 1996-2001**

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
1996	0	0,00	6	27,27	6	50,00	6	46,15	7	26,92	25	33,33
1997	1	50,00	3	23,08	2	25,00	7	58,33	8	38,10	21	37,50
1998	1	50,00	7	41,18	8	53,33	8	53,33	10	52,63	34	50,00
1999	1	25,00	6	40,00	6	60,00	10	76,92	6	42,86	29	51,79
2000	2	40,00	3	30,00	4	50,00	14	82,35	7	46,67	30	54,55
2001	0	0,00	6	35,29	4	30,77	13	81,25	7	38,89	30	45,45
Empresa												
1996	1	6,67	4	8,00	0	0,00	4	17,39	10	12,05	19	10,11
1997	1	12,50	5	12,50	4	21,05	2	10,53	12	17,91	24	15,69
1998	0	0,00	3	8,82	1	5,26	5	23,81	10	14,71	19	12,58
1999	2	16,67	3	9,38	1	10,00	6	35,29	12	20,00	24	18,32
2000	1	12,50	4	7,41	3	16,67	5	19,23	10	14,08	23	12,99
2001	0	0,00	3	6,25	1	5,56	4	18,18	13	15,85	21	11,80
Total 2001	0	0,00	9	13,85	5	16,13	17	44,74	20	20,00	51	20,90

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

As materias que regulan son sobre todo a idade, a duración mínima e máxima dos contratos, o tempo mínimo de formación, a retribución e o certificado que hai que entregar ó remate.

Nalgúns casos indícase o número máximo de aprendices por cada titor e os requisitos que debe ter este.

Nalgún caso e logo de acordo coa representación legal dos traballadores indícase a posibilidade de establecer períodos de formación ó comezo do contrato, no intermedio e na fase final, distribuíndose homoxeneamente o tempo total que corresponde á formación.

Tamén existen outro tipo de cláusulas menos frecuentes que fan referencia á porcentaxe máxima que poden representar estes contratos respecto do cadro de persoal total e a exclusión de certas categorías ou postos que poden ocupar estes traballadores.

Nalgúns convenios indican os postos de traballo obxecto do contrato de formación e noutros os postos nos que non pode realizarse este contrato.

A retribución fíxase con porcentaxes que se aplican nuns casos sobre o salario mínimo interprofesional e noutros sobre o salario da categoría para a que se forma ou dunha categoría concreta que indica o convenio.

Establécese nalgún caso o compromiso de conversión destes contratos en contratos por tempo indefinido.

Tamén regulan as indemnizacións pola terminación do contrato nalgún caso.

■ Contratos de prácticas

○ 12,30% dos convenios negociados (30 convenios) fan referencia a este contrato (cadro 7.35).

■ Cadro 7.35

Convenios colectivos que conteñen cláusulas sobre os contratos de prácticas. Por provincias. Galicia 1997-2001

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
1997	1	50,00	2	15,38	0	0,00	1	8,33	2	9,52	6	10,71
1998	1	50,00	4	23,53	3	20,00	2	13,33	2	10,53	12	17,65
1999	0	0,00	3	20,00	1	10,00	3	23,07	1	7,14	8	14,28
2000	0	0,00	3	30,00	2	25,00	4	23,53	2	13,33	11	20,00
2001	0	0,00	4	23,53	3	23,08	3	18,75	3	16,67	13	19,70
Empresa												
1997	1	12,50	5	12,50	1	5,26	1	5,26	5	7,46	13	8,50
1998	0	0,00	0	0,00	1	5,26	3	14,29	10	14,71	14	9,27
1999	2	16,66	1,00	3,12	1	10	3	17,64	5	8,33	12	9,16
2000	0	0,00	3,00	5,56	0	0	1	3,85	11	15,49	15	8,47
2001	0	0,00	5	10,42	2	11,11	3	13,64	7	8,54	17	9,55
Total 2001	0	0,00	9	13,85	5	16,13	6	15,79	10	10,00	30	12,30

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Maioritariamente limítanse a regula-la retribución con porcentaxes sobre o salario da categoría na que se fan as prácticas.

Outras cláusulas fan referencia ó compromiso de conversión en contratos indefinidos se continúa na empresa e á información ós representantes dos traballadores antes da contratación.

As demais cláusulas remiten ou recollen o indicado na lexislación vixente.

■ Contratos eventuais

Son 94 os convenios que regulan dalgún xeito este contrato, o 38,52% do total dos negociados (cadro 7.36).

■ Cadro 7.36

Convenios colectivos de que conteñen cláusulas sobre os contratos eventuais. Por provincias. Galicia 2000-2001

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
2000	3	23,08	8	12,50	7	26,92	23	53,49	22	25,58	63	27,16
2001	3	30,00	23	35,38	15	48,39	23	60,53	30	30,00	94	38,52

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

A maioría das cláusulas refírense á duración do contrato. Aínda hai algúns convenios que non adaptaron a duración máxima deste contrato, pero maioritariamente establecen unha duración de 12 meses en 18 meses.

Outras materias que regulan son as prórrogas e a indemnización por fin do contrato.

As demais cláusulas remiten ou recollen o indicado na lexislación vixente e tamén remiten noutros casos a convenios de ámbito superior.

■ Contrato de obra ou servicio determinado

Son 39 os convenios que o regulan (15,98%).

Na maior parte deles o que se fai é defini-las tarefas ou actividades obxecto do contrato.

■ Contrato de interinidade

Regúlase en 3 convenios, o 1,23% do total.

Refírense á necesidade de identifica-lo traballador substituído e/ou a causa da substitución e nun caso a indemnización por fin do contrato.

■ Contrato fixo- descontinuo

Son 8 os convenios que se refiren a este contrato (3,28%).

Fan referencia ós chamamentos e ás condicións para pasar a ser fixo - descontinuo.

■ Contratación a través de ETT

Son 31 (12,70%) os convenios que fan referencia dalgún xeito ás contratacións por medio de ETT.

As cláusulas que recollen indican á obriga de garantir ós traballadores postos á disposición os mesmos dereitos laborais e retributivos que os que lle recoñece o convenio ós traballadores da empresa, facendo constar esta obriga no contrato de posta a disposición.

Outro tipo de cláusulas indican a obriga de aplicarlles a estes traballadores o convenio colectivo ou o dereito a percibi-los salarios que indica o convenio.

Tamén hai cláusulas que prohiben a contratación a través de ETT, nuns casos é unha prohibición total e noutros parcial (uns convenios indican en que casos se pode utilizar este tipo de contratación e outros convenios indican para que casos non se pode utilizar)

Hai convenios que a limitan a unha porcentaxe do cadro de persoal.

D) Fomento da contratación indefinida

Neste apartado faremos referencia ás cláusulas convencionais relativas ó fomento da contratación indefinida, regulado nos RD 8/1997 e 9/1997 e na disposición adicional primeira, apartado 2.b) da Lei 63/1997 e tamén á xubilación especial ós 64 anos con compromiso de contratación dun desempregado, regulada no RD 1194/1985 (cadro 7.37).

Convenios con cláusulas sobre fomento do emprego

■ Cadro 7.37

	Total Galicia	
	Nº convenios	%
Conversión en indefinidos de contratos temporais	33	13,52
Xubilación ós 64 anos (RD1194/85)	67	27,46

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Hai 33 convenios (13,52%) con cláusulas sobre conversión de contratos temporais en indefinidos.

A maioría límtase a acollerse á disposición adicional 1ª, apartado 2.b) da Lei 63/1997, de 26 de decembro, aínda que hai casos nos que se recolle o compromiso dun número concreto de contratos a transformar e outros que vinculan a conversión a unha certa antigüidade.

Respecto da xubilación especial ós 64 anos, regulada nos RD 14/1981 e RD 1194/85 son en total 67 (27,46%) os convenios colectivos que recollen esta posi-

bilidade de substituír a aqueles traballadores que desexen acollerse á xubilación co 100% dos seus dereitos ós 64 anos, por outro traballador perceptor do seguro de desemprego ou xove demandante do seu primeiro emprego, a través dun contrato de igual natureza ó contrato extinguido.

E) Garantías de emprego

No cadro 7.38 recóllese un resumo destas cláusulas que indicamos de seguido.

Convenios con cláusulas sobre garantías de emprego

■ Cadro 7.38

	Total Galicia	
	Nº convenios	%
Conservación ou aumento do cadro de persoal. Cadro de persoal mínimo	9	3,69
Capacidade diminuída	70	28,69
Subrogación empresarial	31	12,70
Outros	62	25,41

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

■ Conservación ou aumento de emprego. Cadro de persoal mínimo

Existen 9 convenios (3,69%) que conteñen cláusulas tendentes a garanti-lo emprego e nas que se comprometen ou ben a ter unha porcentaxe de emprego fixo respecto do total do cadro de persoal ou a cubri-las baixas que se produzan (todas ou cando o cadro de persoal fixo descende por debaixo dun certo número).

■ Capacidade diminuída. Invalidez provisional

Son 70 (28,69%) os convenios que recollen cláusulas sobre a posibilidade de destina-los traballadores que teñan a súa capacidade diminuída a postos axeitados á súa nova situación, ou sobre a reincorporación ó posto logo dunha invalidez provisional.

Nalgúns casos límtase esta posibilidade ó caso de accidente laboral ou enfermidade profesional e noutros indican unha porcentaxe máxima de persoal nesta situación (sobre o total da categoría).

Cando non existe o posto adecuado na empresa, indícase a preferencia dos traballadores nesta situación para a cobertura das vacantes sempre que teñan aptitude ou idoneidade para o novo posto.

Non existe unanimidade ó trata-lo tema das retribucións, nuns casos indícase que o traballador seguirá percibindo a retribución anterior e noutros que será a do novo posto.

Hai convenios que indican que será a do novo posto se é superior e a do antigo se é inferior.

Nalgúns casos indícase que conservan os dereitos ós incrementos por pactos, convenios, etc. que experimente a categoría que tiña.

Establécese nalgún caso a preferencia para os que carezan de subsidio, pensión ou medios propios para o seu sostemento.

■ Subrogación empresarial

Son 31 os convenios que a recollen (o 12,70%).

Alguns indican os supostos nos que se produce a subrogación e as condicións que se requiren.

Sínálase tamén nalgúns convenios a documentación que a empresa saínte debe entregar á nova empresa. Esta documentación refírese, respecto da empresa, ás súas obrigas salariais e coa Seguridade Social, e respecto dos traballadores ós datos persoais e profesionais necesarios.

■ Outros supostos

Outros supostos de garantía do posto de traballo recollidos nas cláusulas dos convenios son o tempo de permanencia no servizo militar ou prestación social substitutoria, que seguen recollendo algúns convenios, e o suposto de retirada do permiso de conducir dos traballadores que o precisen no seu traballo.

Respecto da retirada do carné de conducir normalmente establécese que se non é imputable ó traballador destinarase a este a outro posto axeitado á súa categoría, reincorporándose ó seu cando remate a sanción.

Non existe homoxeneidade respecto da retribución xa que nuns casos indícase que non pode ser inferior á súa e noutros que será a do novo posto. Tamén hai convenios que indican que se a retirada do carné é en horas de traballo percibe a retribución anterior; e se é fóra das horas de traballo recibe a do novo posto.

Outros convenios indican como requisito para ter este dereito que a retirada do carné sexa en horas de traballo conducindo vehículo da empresa e por orde dela (algúns amplían esta garantía para os casos de retirada do carné cando vaian ó seu lugar de traballo ou cando saian del en calquera vehículo).

Nalgún caso indícase que primeiro o traballador desfruta as vacacións e logo se aínda persiste a suspensión destínase a outro posto.

Existen excepcións cando se trata dunha retirada do carné por conducción temeraria, consumo de drogas ou alcohol ou por causas imputables ó traballador; e tamén existen limitacións cando é superior a un determinado tempo e por reiteracións (dentro do ano ou da vixencia do convenio).

7.6.6. Mobilidade xeográfica. Traslados e desprazamentos

Hai 36 convenios, 28 de empresa e 8 de sector; con cláusulas ó respecto (cadro 7.39). Representan o 14,75% do total.


Entre o tipo de cláusulas recollidas nos convenios que tratan este tema hai algunhas que só remiten ó ET.

Cadro 7.39

Por provincias. Galicia. 1996-2001
Evolución dos convenios colectivos con cláusulas de mobilidade xeográfica.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
1996	1	50,00	4	18,18	0	0,00	2	15,38	2	7,69	9	12,00
1997	1	50,00	1	7,69	0	0,00	1	8,33	2	9,52	5	8,93
1998	1	50,00	5	29,41	0	0,00	2	13,33	1	5,26	9	13,24
1999	1	25,00	1	6,67	1	10,00	1	7,69	3	21,43	7	12,50
2000	3	60,00	1	1,00	0	0,00	2	11,76	1	6,67	7	12,73
2001	1	50,00	3	17,65	1	7,69	1	6,25	2	11,11	8	12,12
Empresa												
1996	3	20,00	4	8,00	0	0,00	1	4,35	14	16,87	22	11,70
1997	3	37,50	3	7,50	0	0,00	0	0,00	16	23,88	22	14,38
1998	1	11,11	3	8,82	0	0,00	3	4,76	10	14,71	15	9,93
1999	3	25,00	1	3,13	0	0,00	0	0	10	16,67	14	10,69
2000	1	12,50	8	14,81	0	0,00	0	0	6	8,45	15	8,47
2001	2	25,00	12	25,00	1	5,56	2	9,09	11	13,41	28	15,73
Total 2001	3	30,00	15	23,08	2	6,45	3	7,89474	13	13,00	36	14,75

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais



Otro tipo de cláusulas en cambio regulan as indemnizacións, as compensacións, as garantías, os mecanismos a seguir, a atención ás peticións dos traballadores, a solución a adoptar se non hai acordo e os prazos de aviso previo ós traballadores e ós seus representantes. Tamén hai casos nos que se prohíbe o traslado dunha poboación a outra.

7.6.7. Mobilidade funcional


Son 108 convenios (44,26%) os que a regulan. Deles 93 son de empresa 15 de sector (cadro 7.40).

■ Cadro 7.40

Por provincias. Galicia. 1996-2001
Evolución dos convenios colectivos con cláusulas de mobilidade funcional.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
1996	1	50,00	4	18,18	1	8,33	4	30,77	0	0,00	10	13,33
1997	1	50,00	4	30,77	0	0,00	4,00	33,33	0	0,00	9	16,07
1998	1	50,00	5	29,41	2	13,33	4	26,67	0	0,00	12	17,65
1999	0	0,00	3	20,00	2	20	4	30,77	0	0,00	9	16,07
2000	3	60,00	3	30,00	0	0	5	29,41	3	20,00	14	25,45
2001	1	50,00	7	41,18	0	0,00	6	37,50	1	5,56	15	22,73
Empresa												
1996	9	60,00	17	34,00	6	35,29	11	47,83	26	31,33	69	36,70
1997	5	62,50	15	37,50	6	31,58	9	47,37	31	46,27	66	43,14
1998	5	55,56	11	32,35	6	31,58	10	47,62	19	27,94	51	33,77
1999	7	58,33	13	40,63	3	30,00	10	58,82	30	50,00	63	48,09
2000	3	37,50	30	55,56	6	33,33	12	46,15	28	39,44	79	44,63
2001	6	75,00	31	64,58	5	27,78	12	54,55	39	47,56	93	52,25
Total 2001	7	70,00	38	58,46	5	16,13	18	47,37	40	40,00	108	44,26

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais



Analizando os tipos de cláusulas que recollen estes convenios pódese apreciar que algunhas son unha simple remisión ó disposto no ET (de xeito xenérico ou ben recollendo parte do nel disposto sen variacións).

Nos convenios que recollen cláusulas que regulan os traballos de superior e inferior categoría, estas van dirixidas, na maior parte dos casos, a indica-lo período de tempo máximo que pode durar tal situación e a retribución que lle corresponde.

Nos traballos de superior categoría indícase ademais cando corresponde o ascenso e se é automático ou logo de solicitude.

Algúns convenios tamén regulan as limitacións e o procedemento tratando entre outros temas os seguintes: o tempo de aviso previo ós traballadores, a xustificación

das causas que motivan a mobilidade, a comunicación ós representantes dos traballadores, as solicitudes e a selección dos traballadores.

Tamén hai 4 convenios de sector e 23 de empresa que tratan ou establecen a polivalencia funcional.

7.6.8. Promoción e ascensos

Son 111 convenios (45,49%) os que teñen cláusulas ó respecto, 18 de sector e 93 de empresa.

Os criterios utilizados son bastante homoxéneos e pódense resumir nos seguintes:

- Establece-la libre designación para os postos de mando ou especial confianza.
- Ascensos automáticos polo paso dun período concreto de tempo.
- Probas e/ou concursos de méritos.

Na valoración dos méritos xeralmente indícase que debe ou pode terse en conta a formación, a titulación, o coñecemento do posto, o historial profesional e a permanencia na categoría profesional e a antigüidade.

Establécese tamén un período de proba nalgúns casos que se non se supera (ou desiste o traballador nese período) supón o retorno ó antigo posto.

7.6.9. Clasificación profesional

Segundo reflicte o cadro 7.41, o 47,54% dos convenios negociados recollen no seu articulado algún sistema de clasificación profesional, ben sexa por grupos ou por categorías profesionais.

■ Cadro 7.41

Por provincias. Galicia. 1996-2001
Evolución dos convenios colectivos con cláusulas de clasificación profesional.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
1996	1	50,00	5	22,73	0	0,00	4	30,77	4	15,38	14	18,67
1997	2	100,00	5	38,46	2	25,00	4	33,33	4	19,05	17	30,36
1998	1	50,00	5	29,41	2	13,33	5	33,33	2	10,53	15	22,06
1999	3	75,00	4	26,67	1	10,00	3	23,08	2	14,29	13	23,21
2000	4	80,00	1	10,00	1	12,50	7	41,18	2	13,33	15	27,27
2001	2	100,00	6	35,29	2	15,38	5	31,25	3	16,67	18	27,27
Empresa												
1996	9	60,00	17	34,00	7	41,18	8	34,78	22	26,51	63	33,51
1997	5	62,50	15	37,50	3	15,79	6	31,58	28	41,79	57	37,25
1998	6	66,67	17	50,00	5	26,32	6	28,57	16	23,53	50	33,11
1999	7	58,33	13	40,63	2	20,00	5	29,41	27	45,00	54	41,22
2000	3	37,50	25	46,30	4	22,22	14	53,85	22	30,99	68	38,42
2001	7	87,50	30	62,50	5	27,78	14	63,64	42	51,22	98	55,06
Total 2001	9	90,00	36	55,38	7	22,58	19	50,00	45	45,00	116	47,54

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Trala derogación das ordenanzas e regulamentacións de traballo a normativa legal deixa en mans da negociación colectiva a posibilidade de regular esta materia.

Da análise dos convenios que fan referencia a este tema obsérvase que en poucos casos se están a elaborar sistemas de clasificación profesional, limitándose en moitos dos convenios a facer unha simple clasificación á hora de elaboralas táboas salariais. Non son moitos os convenios que definen as funcións de cada categoría ou grupo profesional no seu articulado.

7.7. Outros temas obxecto de negociación

7.7.1. O absentismo. Incentivos ligados á asistencia

Son en total 95 convenios (38,93%) os que tratan dalgún xeito este tema.

Na maioría dos casos establécense primas ou complementos en función da asistencia e/ou puntualidade, especificando nalgúns casos detalladamente como se perde segundo os días ou horas de inasistencia ó traballo e indicando que faltas se teñen en conta para estes efectos e cales non.

Noutros casos fanse depende-los complementos por incapacidade temporal de que o índice de absentismo non supere unha certa porcentaxe (algúns só no caso de IT por enfermidade común e outros e tódolos casos).

Outro tipo de cláusulas establecen o aumento de días nas vacacións ou gratificacións económicas para os traballadores que non teñan faltas superiores a un certo número de días no ano anterior ou durante a vixencia do convenio.

Outros convenios indican a posibilidade de desconto polas faltas sen xustificar

Tamén se crean nalgún caso comisións paritarias para o estudo das causas do absentismo e como diminuílo.

7.7.2. Réxime disciplinario

Son 101 (41,39%) os convenios negociados que regulan o réxime disciplinario nas empresas. Deles 15 son de sector e 86 de empresa.

Trátase este tema de xeito moi extenso nalgúns convenios, seguindo un esquema no que primeiro se establece a graduación das faltas cualificándoas en leves, graves e moi graves, e indicando a continuación as sancións. Tamén se regula o procedemento e nalgúns casos a prescrición e cancelación.

O tipo de sancións que máis se indican son: amoestacións verbais ou escritas, suspensión de emprego e soldo (distintos períodos segundo os convenios) e despedimento.

Outras sancións indicadas son: traslado forzoso a centro de traballo de distinta localidade sen dereito a indemnización, suspensión do dereito a concorrer a probas selectivas ou concursos de ascensos por distintos períodos de tempo e inhabilitación para ascender.

En 32 convenios aparece recollido o acoso sexual como falta moi grave.

Alguns indican que no caso de que se probase que se exercera calquera represalia contra a persoa denunciante do acoso sexual se considerará un agravante para a determinación da sanción a impoñer ou, se é o caso, a imposición dunha nova sanción.

Na maioría dos casos a cualificación de moi grave faise cando o acoso se produce aproveitándose dunha posición de superioridade laboral ou se exerce sobre persoas especialmente vulnerables pola súa situación persoal ou laboral.

7.7.3. Cláusulas sobre discriminación

Son 52 convenios (21,31%) os que inclúen cláusulas sobre discriminación. Deles 20 son de sector e 32 de empresa.

As cláusulas que recollen este convenios pódense clasificar en tres tipos:

■ Unhas son de carácter xeral, indicando a non discriminación por razón de sexo, ideoloxía, raza, minusvalía, idade, relixión etc.

■ Outras céntranse na non discriminación por afiliación sindical e/ou política e polo exercicio dos seus dereitos sindicais.

■ Un terceiro tipo céntrase na non discriminación sexual, no principio de igualdade de oportunidades e de trato independentemente do sexo e na igualdade retributiva.

Recollen algúns convenios cláusulas que fan referencia á non discriminación en temas concretos como por exemplo o establecemento de criterios de ascenso na empresa que se acomoden a regras comúns para traballadores dun e outro sexo e que non exclúan a ningún colectivo, ou que os criterios de definición das categorías e grupos sexan comúns para tódolos traballadores dun e outro sexo.

Apréciase un esforzo en corrixi-lo linguaxe sexista na redacción dos convenios pero aínda hai casos nos que se da, sobre todo nas táboas salariais.

7.7.4. Cláusulas sobre o idioma

En 51 convenios (16 de sector e 35 de empresa) existen cláusulas sobre dereitos lingüísticos e/ou uso do galego.

As cláusulas que recollen estes 51 convenios refírense nuns casos á redacción, publicación e publicidade dos propios convenios ou das notas, acordos etc., indicando que deben facerse de xeito bilingüe ou en galego.

Outros convenios fan referencia ó dereito á formación que teñen os traballadores nesta materia.

Un dos tipos de cláusulas máis repetido indica o dereito dos traballadores a desenvolver a súa actividade laboral e profesional en lingua galega e sinala tamén que a empresa e os representantes dos traballadores fomentarán o seu uso.

7.7.5. Cláusula de sometemento ó AGA


Entre os convenios negociados neste ano, 24 de sector (36,36%) e 11 de empresa (6,18%) fan referencia ó AGA (cadro 7.42).

Por provincias. Galicia. 1994-2001
Evolución dos convenios colectivos con cláusula de sometemento ó AGA.

■ Cadro 7.42

C. Autónoma/ Interprov. C.A.	0	1
	0,00	12,50
A Coruña	6	4
	35,29	8,33
Lugo	3	1
	23,08	5,56
Ourense	9	1
	56,25	4,55
Pontevedra	6	4
	33,33	4,88
Galicia 2001	24	11
	36,36	6,18
1994	16	3
1995	14	4
1996	23	11
1997	19	14
1998	27	11
1999	21	17
2000	21	13
2001	24	11

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais



Pódese destacar respecto do tipo de cláusulas empregado que a máis utilizada indica: "... acordan someterse ás disposicións contidas no AGA nos propios termos en que están formuladas".

Outro tipo de cláusula empregado indica que "as partes asinantes asumen o contido do AGA que desenvolve os seus efectos nos ámbitos do presente convenio co alcance previsto no propio AGA."

Hai outros casos nos que a referencia ó AGA é para resolver determinados conflitos como por exemplo modificación de quendas, descolgue salarial, mobilidade xeográfica etc.